

## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

### BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO CONCELLO PLENO CELEBRADA O VINTE E TRES DE FEBREIRO DE DOUS MIL DEZASETE.

ASISTENTES:

Alcalde-Presidente:

D. Bernardo Fernández Piñeiro.

Concelleiro/as:

D. Pedro Amado Sanmartín.  
Dna. Raquel Caruncho Corral.  
D. José Simoes Couceiro.  
Dna. Yolanda Vázquez Busto.  
Dna. Silvia Fornos Permuy.  
Dna. María Carmen Piñeiro Varela.  
Dna. Ascensión de Vicente Olarte.  
D. Andrés Pérez Pérez.  
Dna. Ana María Veira García.  
D. Jorge Serafín Allegue Freire.

Na sala de sesións da Casa do Concello de Ponte deume, sendo as doce horas e nove minutos do día vinte e tres de febreiro de dous mil dezasete, xúntanse en sesión ordinaria, primeira convocatoria, previamente convocadas ao efecto, as persoas membros do Pleno do concello relacionadas á marxe, baixo a presidencia do señor alcalde-presidente, Don Bernardo Fernández Piñeiro.

Foron asistidos polas Secretaria e Interventora Municipais.

Non asiste:

D. Francisco Javier Crespo Romeo.  
Dna. Marta Pico Machado.

Secretaria:

D<sup>a</sup>. Ana Ramos Ramos

Interventora:

Dna. Silvia Lamelas Soto

A Presidencia abre a sesión, procedéndose, a tratar os asuntos incluídos na orde do día:

#### 1.- LECTURA E APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR: - SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DE 26/01/2017.

A Secretaria da lectura á proposta da Alcaldía-Presidencia, que se transcribe a continuación:

**“PROPOSTA DE ACORDO**

**LECTURA E APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR:**

**- SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DE 26/01/2017.**

*Recibida polas persoas membro do Pleno, a copia do borrador da acta correspondente á sesión:*

*- ordinaria de 26/01/2017.*

*Sométese á aprobación á seguinte PROPOSTA DE ACORDO:*

**PRIMEIRO.** Aprobar o borrador da acta correspondente ás sesión:

*- ordinaria de 26/01/2017.*

**SEGUNDO.-** Ordenar a súa transcripción ao libro de actas de acordo ao disposto no art. 110.2 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais aprobado por R.D. 2568/1986, de 28 de novembro.

*En Ponte deume, asinado dixitalmente na data que figura á marxe polo Sr. Alcalde D. Bernardo Fernández Piñeiro.”*



Dende a Presidencia pregúntase se algún/ha membro ten algo que indicar ao respecto da acta anterior.

Toma a palabra Dna. Ascensión María de Vicente Olarte, quen intervén co obxecto de deixar constancia de que na pregunta cuarta do seu grupo no Pleno, a acta non recolle a intervención na que o portavoz do PP dicía que o decreto polo que se resolvía que o traballador en cuestión desenvolvera o traballo no camiión de recollida de lixo era para darlle cobertura legal ante unha posible incidencia e que, agora, cando dende o goberno se manifesta que é voluntario o cambio no posto, non ten nada que o avale no caso de que lle pase algo.

De seguido, Dna. María Carmen Piñeiro Varela quere deixar constancia tamén de que na súa intervención na pregunta número nove do seu grupo relativa ao cobro de dietas, quere que conste que indicou que D. Gabriel Torrente Piñeiro, no primeiro mandato como alcalde, ingresaba 1800 euros líquidos a percibir, máis dietas, e que no segundo, os seus ingresos eran de 2.200 euros líquidos a percibir, sen cobrar dieta algunha.

Concluídas as intervencións, sométese a acta a votación resultando adoptado **por UNANIMIDADE** dos/as membros presentes o seguinte **ACORDO**:

**PRIMEIRO.** Aprobar o borrador da acta correspondente ás sesión:

- ordinaria de 26/01/2017.

**SEGUNDO.-** Ordenar a súa transcripción ao libro de actas de acordo ao disposto no art. 110.2 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais aprobado por R.D. 2568/1986, de 28 de novembro.

## **2.- PLAN DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLO) POS+ 2017. ACORDOS QUE PROCEDAN**

A Secretaria da lectura ao ditame da Comisión Informativa, que se transcribe no seu literal:

### **<<DITAME COMISIÓN INFORMATIVA PERMANENTE DE ESTUDIO, INFORME E CONSULTA DE ASUNTOS XERAIS DO PLENO.**

**SESIÓN: Extraordinaria e Urxente de data luns 20 de febreiro de 2017**

**EXPDTE: 2017/G012/000003**

**Sesión nº: 14/2015-2019**

### **2. PLAN DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLO) POS+ 2017.**

A Secretaria da lectura á proposta da Alcaldía-Presidencia, que se transcribe a continuación:

#### **“PROPOSTA DE DITAME**

Esta Alcaldía-Presidencia formula a seguinte **PROPOSTA**:

### **ASUNTO.- PLAN DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLO) “POS+ 2017”. ACORDOS QUE PROCEDAN**

### **DON BERNARDO FERNÁNDEZ PIÑEIRO, ALCALDE DO CONCELLO DE PONTEDEUME, (A CORUÑA)**

Vista a Circular da Deputación Provincial da Coruña relativa á comunicación da aprobación das bases reguladoras do Plan Provincial de Cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan Único de Concello) “POS+ 2017”, con RE no Concello nº 8319 de 2 de

## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

decembro de 2016 e as bases do devandito Plan publicadas no BOP nº 226 de 29 de novembro de 2016.

Visto que na devandita Circular comunícase a asignación do POS+ 2017 ao Concello de Ponte deume por importe de 580.922,23 euros.

Vistos os informes do arquitecto Municipal.

Visto os informes da Secretaría Municipal.

Visto os informes da Interventora Municipal.

Propónse á Comisión Informativa Permanente de Asuntos Xerais do Pleno que dictamine favorablemente a seguinte **PROPOSTA**:

1.- "Participar no **Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan Único de Concellos) "POS+ 2017"** da Deputación provincial da Coruña, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega provincial asignada aos obxectos que se indican a continuación, separando os que se financian con cargo a "achega provincial 2017", "achega provincial 2016" e "préstamo provincial 2017":

### A) Financiamento de gastos correntes:

	Deputación
Achega provincial 2017 aplicada ao financiamento de gastos correntes	255.134,76 €
<b>Subtotal gasto corrente</b>	<b>255.134,76 €</b>

### B) Financiamento de investimentos:

PRÉSTAMO PROVINCIAL 2017	Financiamento do investimento		
	Deputación	Concello	Orzamento total
Denominación da obra ou subministración			
Renovación da cuberta e adecuación interior do Pavillón de "A Casqueira"	168.781,46 €	0,00 €	168.781,46 €
<b>Subtotal investimentos préstamo provincial 2017</b>	<b>168.781,46 €</b>	<b>0,00 €</b>	<b>168.781,46 €</b>

Aprobar os proxectos das obras incluídos no POS+ 2017 e que se relacionan nesta táboa.



**C) Financiamento de achegas municipais a outros plans ou programas:**

	<b>Deputación</b>
Achega provincial 2017 aplicada ao financiamento de achegas municipais	0,00 €
Achega provincial 2016 aplicada ao financiamento de achegas municipais para investimentos financeiramente sostibles	157.006,01 €
<b>"Rehabilitación e ampliación do Mercado municipal de Pontedeume"</b>	
<b>Subtotal achegas municipais</b>	<b>157.006,01 €</b>

**D) Resumo:**

<b>SUBTOTALS</b>		<b>Deputación</b>	<b>Concello</b>	<b>Total</b>
<b>A- GASTOS CORRENTES</b>	<b>Achega 2017</b>	255.134,76 €	0,00 €	<b>255.134,76 €</b>
<b>B- INVESTIMENTOS</b>	<b>Préstamo 2017</b>	168.781,46 €	0,00 €	<b>168.781,46 €</b>
<b>C- ACHEGAS MUNICIPAIS</b>	<b>Achega 2016</b>	157.006,01 €	0,00 €	<b>157.006,01 €</b>
<b>TOTAL</b>	<b>Achega 2017</b>	255.134,76 €	0,00 €	<b>255.134,76 €</b>
	<b>Achega 2016</b>	157.006,01 €	0,00 €	<b>157.006,01 €</b>
	<b>Préstamo 2017</b>	168.781,46 €	0,00 €	<b>168.781,46 €</b>
	<b>TOTAL</b>	580.922,22 €	0,00 €	<b>580.922,23 €</b>

2.- Aprobar o Plan complementario do ano 2017 no que se inclúen as obras ou subministracións que a continuación se indican e aprobar os correspondentes proxectos ou pregos de prescricións:

<b>Denominación dos investimentos financeiramente sostibles</b> <b>(mínimo do 20% do total de achega e préstamo provincial asignado)</b>	<b>Orzamento</b>
Parque infantil en Urbanización Olmo	<b>32.049,44 €</b>

## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Renovación da estación de bombeo de saneamento de augas residuais en Centroña	30.450,56 €
Pavimentación en Rosales e Eduardo Pondal	59.220,29 €
<b>TOTAIS</b>	<b>121.720,29 €</b>

3.- Declarar que o Concello está a tramitar os correspondentes expedientes tendentes á obtención das respectivas disponibilidades dos terreos, augas e servidumes para a execución dos investimentos incluídos no presente acordo, e no mesmo sentido, no relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.

4.- Comprometerse o Concello a incluír no orzamento municipal do 2017 os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal das obras incluídas na anualidade do 2017 se a houbera.

5.- Solicitar da Deputación Provincial da Coruña, a delegación neste Concello da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no plan, que se entenderá aceptada si esta se produce efectivamente.

6.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento do investimento ou, no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras Administracións para a súa execución, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.

7.- Autorízase á Deputación a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

8.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.”

Non obstante, a Comisión Informativa Permanente de Estudo, Informe e Consulta de Asuntos Xerais do Pleno dictaminará o que estime oportuno.

En Ponte deume, asinado dixitalmente na data que figura á marxe polo Sr. Alcalde, Don Bernardo Fernández Piñeiro.”

Non habendo intervencións e sometido o asunto a votación, queda **DITAMINADA FAVORABLEMENTE** en todos os seus termos a proposta transcrita **por 4 votos a favor** dos concelleiros/as do Grupo Municipal do PSOE: D. Bernardo Fernández Piñeiro, D. José Simoes Couceiro, Dña. Silvia Fornos Permuy, e Dña. Raquel Caruncho Corral, e **3 abstencións** do resto dos señores e señoras concelleiros/as do PP (2): Dña. M<sup>a</sup> Carmen Piñeiro Varela, Dña. Ascensión María de Vicente Olarte, e do BNG-AA(1): Dña. Ana Veira García.>>

A Presidencia abre a quenda para o debate. D. Bernardo Fernández Piñeiro explica que, tal e como se ten comentado na Comisión Informativa, e como xa se adiantara no momento en que se



someteu a aprobación o Orzamento, este novo Plan da Deputación permite, por primeira vez, aos Concellos, coñecer os fondos mínimos que van recibir da Deputación coa antelación suficiente e, polo tanto, incorporalos ao orzamento, como xa foi incorporada a maior parte. Da conta do contido da proposta.

Di que o Plan Único, co financiamento de gastos correntes, permite liberar partidas para a realización de actuacións con recursos propios, e pon como exemplo os cen mil euros que recolle o orzamento municipal para a reparación de camiños no rural, así como o financiamento de actuacións que, neste caso se destinarían a minorar a aportación do Concello na obra do mercado municipal.

Fai referencia tamén a que no Plan inclúese a obriga por parte do Concello a destinar o 20% ao Plan Complementario. Sobre as actuacións recollidas neste, di que se teñen decidido en base ás necesidades e ás distintas propostas, tanto as que se fixeron nos distintos Plenos, como outras da veciñanza: parque infantil en Olmo, co ánimo de renovar este tipo de infraestruturas, a renovación da estación de bombeo de Centroña, coa que se dea solución á problemática da contaminación pola deficiencia do bombeo (bombas non trituradoras e depósito demasiado pequeno), o que provoca que as fecais vaian á praia e o peche da zona de baño..., a pavimentación en Rosales e Eduardo Pondal responde á situación totalmente deplorable das ditas zonas, que se atopan intransitables, incluso para peóns.

Concluída a intervención do Sr. Alcalde-Presidente, toma a palabra a concelleira do Grupo Municipal do PP, Dña. Ascensión de Vicente Olarte, quen considera que o Concello está ante un novo préstamo, de 168.781,46 euros e que se, como se dixo dende a Alcaldía na comisión informativa, se está barallando a idea de pedir un préstamo 800 mil euros, e se lle suman os cento e pico mil euros que xa se pediu, atopámonos con que o goberno debe cerca de un millóns de euros. Indica que o goberno anterior, no 2014, optou por non acudir ao endebedamento, por manter as contas saneadas e non sobrecargar aos veciños e que, aínda estando en plena crise, conseguiron non endebedarse, mantendo os servizos. Tendo en conta isto e o informe da intervención, considera que o orzamento que ven de aprobar o Concello é imposible de cumprir.

Indica que a cuberta xa estaba programada para o POS 2015 e que o contido do Plan Complementario non o poden valorar por non teren os datos; consideran moi necesarias as obras, polo que di que non poden votar en contra, mais tampouco a favor, xa que non están de acordo co endebedamento dos eumeses. Conclúe a súa intervención indicando ao Alcalde que teñen a man tendida para os asuntos de vital importancia para Pontedeume, citando o Mercado; que só tiveron dúas reunións co goberno local ao longo de dous anos e que para a elaboración dos orzamentos, ningunha chamada. Di que queren que se fagan as obras e que, por tanto, o seu grupo vaise abster.

Toma a palabra Dña. Ana Veira García. A portavoz do Grupo Municipal do BNG-AA di que é verdade que na proposta se recollen diferentes peticións, se ben do BNG, son da poboación, en alusión ao que supuxo o peche das zonas de baño e da preocupación que hai, por este asunto, de cara o verán. Sobre o resto das actuacións, indica que lles parecen moi axeitadas, se ben non teñen claro que serían as únicas necesarias. Manifesta ter un pouco de medo en que todo o que chega da Deputación para o 2017 se destine a gasto corrente e non a outras actividades, se ben asume que son opcións, se ben que o que queren facer chegar é que non se esquezan outras actuacións que se financiaban por outros Plans e que agora están diversificadas neste Plan Único, a nivel de servizos sociais, actividades...; que non se destine toda a contía a "ladrillo" xa que, se ben son necesarias as obras, tamén son precisas outras actuacións.

Indicando que están dacordo coas actuacións contidas na proposta, di que teñen dúbidas de que non se puidera facer doutra maneira, e anuncia que o voto do seu grupo será a abstención.

A concelleira do BNG pregunta se está clara a propiedade do parque infantil de Olmo.

Intervén o Sr. Presidente, que contesta afirmativamente a esta pregunta, indicando que está no Inventario de Bens Municipal e no Catastro.

D. Bernardo Fernández Piñeiro asume que as actuacións poderían ter sido outras e defende a decisión adoptada que derivou na proposta obxecto de debate. Indica que, en resposta á intervención da portavoz do BNG, coñecer o importe da achega provincial con anterioridade á elaboración do orzamento, derivou en que se incrementaron as partidas das distintas concellarías en contías similares ás que se percibían por concorrencia, nunha porcentaxe correspondente. Di

## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

que o gasto corrente non supón só pagar facturas e que a opción elixida polo goberno facilita a tramitación administrativa das distintas actuacións, en alusión á menor complexidade dos procedementos de licitación e que así, a totalidade das "baixas" dos ditos procedementos, quedarían para o concello.

Defende a operación de financiamento para a realización da actuación no Pavillón, e di que non é o mesmo que un crédito bancario xa que non se pagan intereses. Considera que se trata máis dun adianto que dun préstamo e di que, cando se modifique a lexislación estatal, probablemente, estes importes queden "condonados" a todos os Concellos, en vista ás distintas prórrogas que se foron dando dende a propia Deputación para a devolución de fondos, dende o PAI.

Pide honestidade á hora de non confundir esta operación, a interese cero, cun crédito bancario e que, de ter que acudir ao endebedamento cunha entidade financeira, buscaríase a fórmula de pagar só o que se gastase e que a necesidade do endebedamento sería para devolver os cartos á Xunta e Deputación, préstamo que se cancelaría en tanto se fixeran as certificacións e as distintas administracións fixesen o ingreso, e por tanto os interese serían mínimos. Di que, en contra do que di o PP, neste momento non hai ningún crédito bancario se ben defende a opción do endebedamento para cubrir necesidades, facendo o símil coa economía familiar. Agradece a abstención dos grupos.

Toma a palabra Dna. Ascensión de Vicente Olarte que se remite á base primeira, na que se recolle o termo "prestamo provincial 2017", e que a suma do millón de euros é a suma das cifras dadas polo Alcalde, por tanto, cifras reais.

D. Bernardo Fernández Piñeiro di que, no caso de que o concello non puidera asumir a aportación que hai que facer adiantando os cartos da xunta e da deputación habería que ir a crédito, pero en ningún dos casos a 800mil, que no peor dos casos, a 500mil, nos casos de que se concedan os prepagables e ir pagando contra certificacións. Insiste en que a día de hoxe non hai ningún crédito pedido.

Dna. Ascensión de Vicente Olarte di que dende o seu grupo non se está afirmando, preguntan que se se está barallando a posibilidade de pedir os 800 mil euros, como dixo na Comisión Informativa; que están recollendo o que dixo o Alcalde, que non están afirmando nada.

D. Bernardo Fernández Piñeiro remítese a explicacións dadas en outros Plenos sobre o asunto, xa saben que non van ir a un crédito de 800 mil euros. Considera o asunto aclarado.

Concluídas as intervencións, sométese a proposta a votación resultando **ADOPTADO por 6 votos a favor dos concelleiros e concelleiras do Grupo Municipal do PSOE**: D. Bernardo Fernández Piñeiro, D. Pedro Amado Sanmartín, Dna. Raquel Caruncho Corral, D. José Simoes Couceiro, Dna. Yolanda Vázquez Busto e Dna. Silvia Fornos Permy, e **5 abstencións** dos concelleiros e concelleiras do Grupo Municipal do PP (3): Dna. María Carmen Piñeiro Varela, Dna. Ascensión de Vicente Olarte e D. Andrés Pérez Pérez, e do BNG-AA(2): Dna. Ana María Veira García, D. Jorge Serafín Allegue Freire, o seguinte **ACORDO**:

1.- "Participar no **Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan Único de Concellos) "POS+ 2017"** da Deputación provincial da Coruña, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega provincial asignada aos obxectos que se indican a continuación, separando os que se financian con cargo a "achega provincial 2017", "achega provincial 2016" e "préstamo provincial 2017":

### A ) Financiamento de gastos correntes:



	Deputación
Achega provincial 2017 aplicada ao financiamento de gastos correntes	255.134,76 €
<b>Subtotal gasto corrente</b>	<b>255.134,76 €</b>

**B ) Financiamento de investimentos:**

PRÉSTAMO PROVINCIAL 2017	Financiamento do investimento		
Denominación da obra ou subministración	Deputación	Concello	Orzamento total
Renovación da cuberta e adecuación interior do Pavillón de "A Casqueira"	168.781,46 €	0,00 €	168.781,46 €
<b>Subtotal investimentos préstamo provincial 2017</b>	<b>168.781,46 €</b>	<b>0,00 €</b>	<b>168.781,46 €</b>

Aprobar os proxectos das obras incluídos no POS+ 2017 e que se relacionan nesta táboa.

**C) Financiamento de achegas municipais a outros plans ou programas:**

	Deputación
Achega provincial 2017 aplicada ao financiamento de achegas municipais	0,00 €
Achega provincial 2016 aplicada ao financiamento de achegas municipais para investimentos financeiramente sostibles	157.006,01 €
<b>"Rehabilitación e ampliación do Mercado municipal de Pontedeume"</b>	
<b>Subtotal achegas municipais</b>	<b>157.006,01 €</b>

**D ) Resumo:**

SUBTOTALS		Deputación	Concello	Total
<b>A- GASTOS CORRENTES</b>	<b>Achega 2017</b>	255.134,76 €	0,00 €	<b>255.134,76 €</b>
<b>B- INVESTIMENTOS</b>	<b>Préstamo 2017</b>	168.781,46 €	0,00 €	<b>168.781,46 €</b>



## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

<b>C- ACHEGAS MUNICIPAIS</b>	<b>Achega 2016</b>	157.006,01 €	0,00 €	<b>157.006,01 €</b>
<b>TOTAL</b>	<b>Achega 2017</b>	255.134,76 €	0,00 €	<b>255.134,76 €</b>
	<b>Achega 2016</b>	157.006,01 €	0,00 €	<b>157.006,01 €</b>
	<b>Préstamo 2017</b>	168.781,46 €	0,00 €	<b>168.781,46 €</b>
	<b>TOTAL</b>	580.922,22 €	0,00 €	<b>580.922,23 €</b>

2.- Aprobar o Plan complementario do ano 2017 no que se inclúen as obras ou subministracións que a continuación se indican e aprobar os correspondentes proxectos ou pregos de prescricións:

<b>Denominación dos investimentos financeiramente sostibles (mínimo do 20% do total de achega e préstamo provincial asignado)</b>	<b>Orzamento</b>
Parque infantil en Urbanización Olmo	<b>32.049,44 €</b>
Renovación da estación de bombeo de saneamento de augas residuais en Centroña	<b>30.450,56 €</b>
Pavimentación en Rosales e Eduardo Pondal	<b>59.220,29 €</b>
<b>TOTAIS</b>	<b>121.720,29 €</b>

3.- Declarar que o Concello está a tramitar os correspondentes expedientes tendentes á obtención das respectivas dispoñibilidades dos terreos, augas e servidumes para a execución dos investimentos incluídos no presente acordo, e no mesmo sentido, no relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.

4.- Comprometerse o Concello a incluír no orzamento municipal do 2017 os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal das obras incluídas na anualidade do 2017 se a houbera.

5.- Solicitar da Deputación Provincial da Coruña, a delegación neste Concello da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no plan, que se entenderá aceptada si esta se produce efectivamente.

6.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento do investimento ou, no caso de que existan



axudas ou subvencións concorrentes doutras Administracións para a súa execución, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.

7.- Autorízase á Deputación a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

8.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.

### **3.- ORDENANZA ESPECÍFICA REGULADORA DAS BASES DE CONCESIÓN DE AXUDAS ÁS FAMILIAS PARA A ADQUISICIÓN DE MATERIAL ESCOLAR, CURSO ESCOLAR 2016-2017, EDUCACIÓN INFANTIL, PRIMARIA, ESO. ACORDOS QUE PROCEDAN.**

A Secretaria da lectura ao ditame da Comisión Informativa, que se transcribe a continuación.

#### **<<DITAME COMISIÓN INFORMATIVA PERMANENTE DE ESTUDIO, INFORME E CONSULTA DE ASUNTOS XERAIS DO PLENO.**

**SESIÓN: Extraordinaria e Urgente de data luns 20 de febreiro de 2017**

**EXPDTE: 2017/G012/000003**

**Sesión nº: 14/2015-2019**

### **3.- ORDENANZA ESPECÍFICA REGULADORA DAS BASES DE CONCESIÓN DE AXUDAS ÁS FAMILIAS PARA A ADQUISICIÓN DE MATERIAL ESCOLAR, CURSO ESCOLAR 2016-2017, EDUCACIÓN INFANTIL, PRIMARIA, ESO.**

A Secretaria da lectura á proposta da Alcaldía-Presidencia, que se transcribe a continuación:

#### **"PROPOSTA DA PRESIDENCIA DA COMISIÓN INFORMATIVA PERMANENTE DE ESTUDIO, INFORME E CONSULTA DE ASUNTOS XERAIS DO PLENO.**

*O artigo 7 da Ordenanza xeral de subvencións do Concello de Pontedeume dispón que poderán ser obxecto de subvención os servizos e actividades que completen ou suplan as competencias do Concello de Pontedeume e que se consideren de interese para o municipio, cando o seu fomento se estime pertinente polos órganos competentes do Concello, entre as que se atopa o ensino.*

*De acordo co que se dispón no artigo 9 da ordenanza xeral, o procedemento ordinario de concesión de subvencións tramitárase en réxime de concorrencia competitiva. Nos artigos 10 e seguintes da ordenanza regúlase o devandito procedemento, que resulta de aplicación para a aprobación das bases específicas de cada procedemento e a súa correspondente convocatoria, e que establece a regulación mínima que debe cumprirse.*

*Logo de ver o expediente da correspondente Ordenanza específica reguladora das bases de concesión de axudas ás familias para a adquisición de material escolar, curso escolar 2016-2017, Educación Infantil, Primaria, ESO:*

- *Providencia da Alcaldía de 01.02.2017.*
- *Informe do Técnico de Administración Xeral de data 01.02.2017.*
- *Consulta pública previa, por un prazo de 15 días naturais, no portal web municipal co obxecto de dar audiencia á cidadanía afectada e recabar cantas aportacións adicionais se poidan facer por outras persoas ou entidades, dando cumprimento ao establecido no artigo 133.2 da lei 39/2015 de 1 de outubro.*
- *Informe da Intervención de data 17.02.2017*

## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Esta Presidencia propón que a Comisión informativa permanente de estudo, informe e consulta de asuntos xerais do Pleno, dictamine favorablemente a seguinte proposta de acordo:

**PRIMEIRO.** Ratificar o contido íntegro do expediente, e na súa consecuencia, aprobar inicialmente a Ordenanza específica reguladora das bases de concesión de axudas ás familias para a adquisición de material escolar, curso escolar 2016-2017, Educación Infantil, Primaria, ESO., que se transcribe a continuación:

### **“ORDENANZA ESPECÍFICA REGULADORA DAS BASES DE CONCESIÓN DE AXUDAS ÁS FAMILIAS PARA A ADQUISICIÓN DE MATERIAL ESCOLAR. CURSO ESCOLAR 2016-2017. EDUCACIÓN INFANTIL, PRIMARIA E ESO.**”

Esta Ordenanza ten por obxecto regular a convocatoria para a concesión de axudas destinadas a adquisición de material escolar (todo tipo de material agás os libros de texto) e roupa (mandilón, chándal e zapatillas de deporte), co fin de promover o principio de igualdade no exercicio do dereito á educación e compensar ás familias para facer fronte aos gastos derivados da escolarización dos seus fillos matriculados nos cursos de Educación Infantil, Primaria e ESO, todo iso nos termos establecidos no artigo 49 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, no Regulamento de servizos das corporacións locais, na Lei 5/1997, de Administración Local de Galicia, na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, no Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da Lei 38/2003, xeral de subvencións, na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e na Ordenanza xeral de subvencións do Concello de Ponte deume.

#### **Artigo 1º.- Obxecto da convocatoria.**

1.- A igualdade de oportunidades ante o ensino é un dos retos principais que deben afrontar os poderes públicos para facer efectivo o dereito á educación. Unha das medidas fundamentais é o establecemento dun sistema de becas e axudas que posibiliten o acceso e continuidade nos estudos.

Constitúe o obxecto das presentes bases convocar axudas para a adquisición de material escolar (todo tipo de material agás os libros de texto) e roupa (mandilón, chándal e zapatillas de deporte), destinadas ás familias que se atopen nunhas condicións socio-económicas menos vantaxosas.

2.- O importe global máximo que o Concello destinará á concesión destas axudas será de 11.000,00 euros, con cargo á aplicación orzamentaria 326.48000, do orzamento do ano 2017.

3.- As axudas concedidas en virtude da presente ordenanza serán compatibles con calquera outra axuda que se poida recibir coa mesma finalidade doutras entidades públicas ou privadas, sempre que as axudas concorrentes non superen o custo do material escolar subvencionado.

#### **Artigo 2º.- Destinatarios das axudas.**

1.- Estas axudas para a adquisición de material escolar van destinadas ó alumnado, que cursando estudos nos tramos de ensino obrigatorio e gratuíto, pertencen a unha unidade familiar con ingresos anuais (base imponible xeral máis base imponible do aforro) non superiores a 18.000 euros, se ben no caso de familias numerosas incrementarase o umbral en 602,00 euros a partires do terceiro fillo.



2.- Poderá optar a estas axudas o alumnado de segundo ciclo de Educación Infantil, de Educación Primaria e de Educación Secundaria obrigatoria, empadroados no Concello de Pontedeume.

3.- As becas adxudicaranse por estrito orde de puntuación ata esgotar a consignación orzamentaria dispoñible regulada no artigo 1º. En caso de empate, atenderase ó maior número de fillos escolarizados e se o empate continúa valorarase a renda per cápita máis baixa.

### **Artigo 3º.- Procedemento da solicitude.**

3.1.- **Lugar.** As solicitudes presentaranse, xunto coa documentación correspondente, no Rexistro xeral do Concello.

3.2.- **Prazo.** As solicitudes presentaranse no prazo de quince días hábiles a contar dende o seguinte á publicación desta ordenanza específica no BOP.

Este prazo entenderase sen prexuízo do prazo de dez días hábiles, que se concederá no caso de presentación de documentación incompleta ou defectuosa para a súa rectificación, quedando apercibido que de non facelo así, terase por desistido e arquivaranse as actuacións sen máis trámite, conforme ao previsto no artigo 68 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

#### **3.3.- Documentación a presentar:**

1.- Solicitude, segundo o modelo establecido.

2.- Fotocopia do D.N.I. da/do solicitante, cónxuxe/parella e fillas/os.

3.- Fotocopia do Libro de Familia (completo) ou no caso de familias numerosas, fotocopia do título.

4.-Fotocopia da Declaración do IRPF do exercicio 2015 (completa) da/do solicitante e cónxuxe, ou no caso de non presentala, Certificado de imputacións expedido pola Axencia Estatal de Administración Tributaria.

5.- Certificación da conta bancaria da/do solicitante.

6.- Copia da matrícula do presente curso.

7.- Declaración de conxunto de tódalas solicitudes efectuadas ou concedidas para a dita finalidade das distintas administracións públicas ou organismos privados competentes, segundo o modelo establecido.

8.- Declaración xurada de atoparse ó corrente nas obrigas tributarias en xeral (Estado e Comunidade Autónoma) e, en concreto, co Concello de Pontedeume, e coa Seguridade Social, e de estar ó corrente no cumprimento de obrigas por reintegro de subvencións, segundo o modelo establecido.

9.- Declaración responsable de non estar incurso en ningunha das causas de prohibición para obter subvencións que se establecen no artigo 13.2 da Lei 38/2003 xeral de subvencións, e do non ter pendente de xustificar ningunha subvención concedida polo Concello de Pontedeume, segundo o modelo establecido.

10.- Se é caso, documentación acreditativa da ausencia do fogar familiar dalgún dos proxenitores: familia monoparental, separación/divorcio, viuvez, orfandade, etc.

11.- Certificado do grao de discapacidade, no caso de que algún membro da unidade familiar teña recoñecida unha discapacidade.

## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

12.- No caso de que algún membro da unidade familiar se atope en situación de desemprego dende polo menos un mes anterior á data desta convocatoria, Certificado do servizo Público de emprego que acredite a antigüidade como demandante de emprego.

### **Artigo 4º.- Criterio de avaliación.**

Á vista das solicitudes presentadas, estudaranse pola comisión avaliadora, e concederánse en función dos seguintes conceptos:

- 1.- Número de membros da unidade familiar.
- 2.- Condicións familiares da/o solicitante.
- 3.- Ingresos familiares.

A ponderación destas situacións é a seguinte, para cada un dos criterios anteriores.

#### **1.- Número de membros da unidade familiar.**

Por cada membro da unidade familiar do solicitante: 0,5 puntos.

Enténdese por unidade familiar a formada polos pais e fillas/os menores de 18 anos ou fillas/os maiores de 18 anos cunha discapacidade superior ó 33 por cento. No caso de familias monoparentais, e para que os efectos de cálculo da renda per cápita, incrementaranse nun 0,8 o número real de membros que compoñen a unidade familiar.

#### **2.- Condicións familiares da/o solicitante.**

Por ausencia do fogar familiar dalgún dos proxenitores (orfandade, separación, familia monoparental, viuvez, etc.): 1 punto.

Por cada membro da unidade familiar con discapacidade: 1 punto.

Por cada membro da unidade familiar en desemprego: 1 punto.

Por familia numerosa (título): 1 punto.

#### **3.- Ingresos familiares:**

Para estes efectos, teñen a consideración de ingresos familiares a suma da parte da base imponible xeral máis a parte da base imponible do aforro, previas á aplicación do mínimo persoal e familiar no imposto sobre a renda das persoas físicas.

Para as persoas non obrigadas a declarar, as bases impositivas ás que se fai referencia obteranse como resultado de aplicarles aos datos existentes na Administración os criterios da lexislación do imposto sobre a renda das persoas físicas.

Ponderaranse do seguinte xeito:

- Ingresos, ata 4.500,00 euros: + 4 puntos.
- De 4.500,01 ata 9.000,00 euros: + 3 puntos.
- De 9.000,01 ata 13.500,00 euros: + 2 puntos.
- De 13.500,01 ata 18.000,00 puntos: +1 punto.



Os *peticionarios con ingresos superiores a 18.000,00 euros non terán dereito á axuda coa salvedade prevista no artigo 2 punto 1 desta convocatoria.*

#### **Artigo 5.- Obrigas da/o beneficiaria/o.**

*Son obrigas da/o beneficiaria/o:*

- a) Presentar debidamente cuberta a documentación requirida no prazo sinalado.*
- b) Xustificar ante o Concello de Pontedeume o cumprimento dos requisitos e das condicións, así como a finalidade que determine a concesión da subvención.*
- c) Non ter pendente de xustificar ningunha subvención concedida polo Concello de Pontedeume.*
- d) Someterse ás actuacións de comprobación e control que sexan debidamente requiridas polos órganos municipais, proporcionando canta información lles sexa requirida no exercicio de ditas actuacións.*
- e) Comunicar ó órgano concedente a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas. Esta comunicación deberá efectuarse tan pronto como se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos percibidos*
- f) Acreditar, no momento da xustificación á que se refire o artigo 7, que está ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e no cumprimento de obrigas por reintegro de subvencións, ou autorizar ó Concello de Pontedeume a obter esta información.*
- g) Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos.*
- h) Proceder ao reintegro dos fondos públicos percibidos nos supostos contemplados no artigo 37 da LXS.*

#### **Artigo 6.- Outorgamento de subvencións.**

*1.- O órgano competente para a instrución do procedemento, así como para a realización de cantas actuacións estime necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos datos, en virtude dos que debe pronunciarse a proposta de resolución, será a Concelleira de servizos sociais, educación e deportes. O órgano instrutor, á vista do expediente e do informe da comisión avaliadora, no que se concretará o resultado da avaliación das solicitudes, formulará a proposta de resolución provisional, ó Alcalde - Presidente, que será o órgano competente para a súa concesión, na que se expresará o cumprimento dos requisitos dos solicitantes para a concesión das axudas, a relación nominal e a contía individualizada da subvención que se propón para cada solicitante, con arranxo aos criterios de valoración establecidos no artigo 4 da presente ordenanza específica. Todo isto conforme ó establecido no artigo 14 da Ordenanza Xeral de Subvencións do Concello de Pontedeume (B.O.P. nº142 do 21/06/2008).*

*A valoración das solicitudes realizarase pola comisión avaliadora, que estará composta por:*

- Presidenta: a concelleira de servizos sociais, educación e deportes.*
- Vogais:*
  - A coordinadora do equipo de servizos sociais do Concello.*
  - A educadora social.*
  - O traballador social.*
- Actuará como secretario da mesma, con voz pero sen voto, a secretaria da corporación ou persoa en quen delegue.*

## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

As solicitudes serán valoradas pola comisión mencionada e concedidas polo Alcalde – Presidente mediante decreto.

A resolución deberá conter a relación de solicitantes que resulten beneficiarios e o importe concedido, e a desestimación de solicitudes, se as houbese, e a súa causa.

No caso de que no expediente non fosen tidos en conta outros datos ou alegacións distintas aos presentados polos solicitantes a proposta de resolución terá o carácter de definitiva.

De acordo co previsto no artigo 45 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, así como no artigo 15 da Ordenanza Xeral de Subvencións do Concello de Ponte deume, a resolución da concesión farase pública, mediante exposición no taboleiro de anuncios do Concello, durante un prazo de 15 días, para que os beneficiarios presenten a documentación xustificativa que se establece no artigo 7 da presente ordenanza específica.

2.- A contía da axuda, por alumno/a, será de 60,00 euros (o importe sobrante distribuirase a partes iguais entre as/os beneficiarias/os).

3.- O importe da axuda en ningún caso poderá ser de tal contía que illadamente ou en concorrencia con outras subvencións ou axudas doutras administracións públicas ou privadas, supere o custo dos gastos acreditados pola/o beneficiaria/o.

### **Artigo 7.- Xustificación e pagamento.**

1.- O prazo para presentar a documentación xustificativa será de 15 días, contado a partir do día seguinte á publicación da resolución de concesión no taboleiro de anuncios municipal.

O pagamento das axudas efectuarase ós representantes legais das/os beneficiarias/os, unha vez presentada a seguinte documentación:

a) Facturas orixinais ou fotocopias cotexadas dos gastos orixinados pola adquisición do material escolar por importe igual ou superior á contía outorgada. Ademais, deberá acreditarse o pagamento das facturas que se presenten.

As facturas deberán cumprir os requisitos do Real decreto 1619/2012, do 30 de novembro, polo que se aproba o Regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación. As facturas deberán conter como mínimo, os seguintes requisitos:

- Nome, razón social, e NIF ou CIF de quen emite a factura.
- Nome, enderezo e NIF ou CIF da/o beneficiaria/o da subvención, debendo estar expedida a factura a nome da persoa solicitante da subvención.
- Número de factura e data de emisión.
- Detalle do IVE ou imposto correspondente; no caso de exención deberá facerse constar expresamente na factura.
- Relación detallada do que se adquiriu.

b) Declaración xurada de percepción ou non percepción doutras axudas das distintas administracións públicas ou entes públicos ou privados.

c) Certificados de atoparse ao corrente nas obrigas tributarias en xeral (Estado e Comunidade Autónoma) e, en concreto, con Concello de Ponte deume, e coa Seguridade Social, e de estar ao corrente no cumprimento de obrigas por reintegro de subvencións; ou autorizar ó Concello de Ponte deume a obter esta documentación.



2.- Os documentos xustificativos corresponderán ós gastos realizados dende o 01/09/2016 ata a data na que remate o prazo para presentar a documentación xustificativa, e só serán subvencionados os gastos que respondan de maneira indubitada á natureza da actividade subvencionada, e se realicen no prazo establecido.

3.- De non presentar a xustificación dentro do prazo establecido, entenderase que desiste da súa petición; o que dará lugar á incoacción, por decreto da Alcaldía, do expediente de anulación do correspondente compromiso que conlevará a perda do dereito de cobro da subvención.

4.- Este prazo entenderase sen prexuízo do prazo de dez días hábiles, que se concederá no caso de presentación de documentación incompleta ou defectuosa para a súa corrección.

#### **Disposición adicional.**

Para o non previsto na presente ordenanza será de aplicación o que se dispón na Lei 38/2003 xeral de subvencións, no Real Decreto 887/2006 polo que se aproba o regulamento da Lei xeral de subvencións, na Lei 9/2007 de subvencións de Galicia e na Ordenanza xeral de subvencións do Concello de Pontedeume.

#### **Disposición final.**

Esta Ordenanza entrará en vigor unha vez publicada no Boletín Oficial da Provincia e unha vez transcorrido o prazo ao que se refire o artigo 70.2 en relación co artigo 65.2 da Lei 7/85, reguladora de bases de réxime local, modificada pola Lei 11/1999, do 21 de abril, e comezará a aplicarse a partir do día seguinte, permanecendo vixente ata que se acorde a súa modificación ou derogación expresa.

Contra esta Ordenanza poderá interpoñerse recurso contencioso administrativo ante a Sala do Contencioso - Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da publicación no Boletín Oficial da Provincia.

Esta ordenanza consta de 7 artigos, unha disposición adicional e unha disposición final."

**SEGUNDO.** Continuar a tramitación do expediente, remitindo o correspondente edito ao Boletín Oficial da Provincia, a fin de que, de conformidade co disposto no artigo 49.b) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, se proceda á información pública e audiencia aos interesados durante o prazo de trinta días hábiles, que comezará a contarse a partir do seguinte ao da devandita publicación, inxeríndose copia do edito no taboleiro de anuncios deste concello.

**TERCEIRO.** No caso de que se presenten reclamacións e/ou alegacións contra o citado expediente, procederase a súa resolución, previos os informes oportunos, polo pleno da corporación, procedéndose, unha vez resoltas, á aprobación definitiva do expediente e á publicación íntegra do texto da ordenanza no Boletín Oficial da Provincia.

**CUARTO.** Que no caso de que non se presenten reclamacións e/ou alegacións contra o expediente, considerase que queda aprobado definitivamente, sen necesidade de acordo posterior, procedendo de seguido á publicación indicada no apartado procedente de conformidade co disposto no artigo 49.c) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

En Pontedeume, asinado dixitalmente por D. Bernardo Fernández Piñeiro, Alcalde-Presidente, na data sinalada á marxe."



## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

*Non habendo intervencións e sometido o asunto a votación, queda **DITAMINADA FAVORABLEMENTE** en todos os seus termos a proposta transcrita **por 4 votos a favor** dos concelleiros/as do Grupo Municipal do PSOE: D. Bernardo Fernández Piñeiro, D. José Simoes Couceiro, Dna. Silvia Fornos Permuy, e Dna. Raquel Caruncho Corral, e **3 abstencións** do resto dos señores e señoras concelleiros/as do PP (2): Dna. M<sup>a</sup> Carmen Piñeiro Varela, Dna. Ascensión María de Vicente Olarte, e do BNG-AA (1): Dna. Ana Veira García.>>*

O Sr. Presidente abre a quenda para o debate.

Toma a palabra Dna. Raquel Caruncho Corral, concelleira de Servizos Sociais, Educación e Deportes. A Sra. Caruncho Corral indica que na Comisión Informativa, a portavoz do BNG fixo unha proposta e que, agradecendo a aportación da concelleira, estudiada a situación, tendo en conta que a previsión do goberno local para o pagamento destas axudas é o mes de maio/xuño, por unha cuestión de tempo, terase en conta a proposta, de incluír a renda percápita das familias como criterio para a concesión das axudas, cara a elaboración da seguinte ordenanza, para o que se establecerán unha serie de xuntanzas e tratar de melloralas.

De seguido intervén Dna. Ascensión de Vicente Olarte. A concelleira do PP fai referencia ás dificultades na tramitación deste expediente, que entende que se queira aprobar canto antes e que, un ano máis, as axudas páganse a finais de curso. Considera a educación unha cuestión prioritaria.

Dna. Raquel Caruncho Corral indica que a previsión sería pagar a seguintes a finais de ano, apuntando D. Bernardo Fernández Piñeiro que este ano, se inclúe a partida dobre e que non se pagaron nunca no curso escolar e que se están a reducir os prazos anteriores.

Dna. Ascensión de Vicente Olarte di que un ano sí se pagaron no curso escolar e que o desexable sería que se pagaran a principio do curso escolar.

Prodúcese un intercambio de opinións ao respecto das xestións, actuais e anteriores do expediente.

Dna. Ascensión de Vicente Olarte anuncia o voto favorable do seu grupo á proposta.

Toma a palabra a portavoz do Grupo Municipal do BNG-AA. Dna. Ana Veira García fai referencia aos dereitos das familias e que, en calquera caso, tanto en mandatos anteriores, como no actual, estase a pagar con retraso, o que provoca que o alumnado se vexa prexudicado. Di que no mes de xuño de 2016, o BNG trouxo ao Pleno o recordatorio da necesidade da convocatoria das axudas e que, se ben se alegaron cuestións de xestión administrativas e de carácter técnico, non xustifica que o regulamento estivera sen facer e que agora se diga que non da tempo. Di que, como sempre, acóllese ao ofrecemento da concelleira para coa elaboración da próxima ordenanza, se ben indica que ten aportado información, do Diario Oficial de Galicia, sobre os criterios da renda percápita, cara a elaboración do texto de ordenanza e que non se tivo en conta. Considera que non se actuou correctamente ao traer o mesmo texto que a convocatoria anterior e que, se dende o BNG se votou a favor, foi un xesto de confianza polo pouco tempo que levaba o PSOE á fronte do goberno local; di que, logo de que se tiveran dado avisos dende o seu grupo durante meses, o BNG vai votar en contra e anuncia a presentación de emendas.

Dna. Raquel Caruncho Corral di que a anterior ordenanza sí estaba revisada e que o pagamento se viu retrasado pola xestión de acceso aos datos de terceiros por parte do Concello. Defende a xestión do goberno local, facendo alusión a que se van pagar dúas axudas



no ano e que se ten incluído material adicional (compra de chándal e mandilón) e que hai que incrementar o Orzamento para meter algún máis; que se ten duplicado a contía destinada a emerxencia social.

Dna. Ana Veira García di que en ningún momento se está a cuestionar o orzamento e que non dubida da concelleira e da intención de cubrir as necesidades das familias. Que o que está a cuestionar é o regulamento e o seu contido, que non contempla o que tería que contemplar xa que a inclusión da renda percápita das familias faría que a ordenanza estivera axeitada a un criterio xusto.

Intervén o Sr. Alcalde-Presidente. O Sr. Fernández Piñeiro di que é a mesma ordenanza que o ano pasado e que o BNG puido ter feito unha proposta. Fai referencia a que o expediente estivo sometido a consulta pública previa durante 15 días e que os técnicos de servizos sociais están a valorar as propostas do contrato de axuda a domicilio, polo que non se puido traballar no expediente estes tres días dende a comisión informativa e que hai que estudar os criterios para non prexudicar ás persoas beneficiarias.

Dna. Ana Veira García di que as aportacións fíxoas cando o estimou oportuno e recorda que xa fixeron a advertencia no mes de xuño de 2016, cando o seu grupo levou recordatorio ao Pleno. Pregunta se o goberno local pretende que lles faga o traballo.

D. Bernardo Fernández Piñeiro defende a proposta, que considera mellorada e que hai tempo para mellorar, así como que se reduciron os prazos de pagamento. Di que se foron dando pasos en ano e medio para mellorar a situación.

Dna. Ana Veira di que non está a falar dos prazos, se non dos prexuízos que provoca ao alumnado o pagamento tardío das axudas: que ao remate do curso, están sen material. Que en ningún momento dixo que non se deran os pasos, se non que entende que dende o mes de xuño houbo tempo para a introdución da modificación proposta polo seu grupo para que a ordenanza fora máis xusta. Defende o método do seu grupo en canto a que ten feito propostas ao grupo de goberno, como por exemplo, os comedores escolares, sen quitar rédito algún e acudindo ás xuntanzas ás que se lles convocou, que considera de colaboración.

O Sr. Fernández Piñeiro di que non se deron conta e que, compartindo a necesidade de mellora da ordenanza, estudárase a proposta. Sobre a presentación da alegación indicada polo BNG, indica que se atrasará o pagamento, polo que agarda logo non escoitar que se tarda moito en pagar.

Dna. Ana Veira García cualifica como política de chantaxe a intervención do Alcalde.

D. Bernardo Fernández Piñeiro di que non se trata dunha chantaxe, se non que está a informar das consecuencias.

Concluídas as intervencións, sométese a proposta a votación resultando **ADOPTADO** por **9 votos a favor** dos concelleiros e concelleiras do PSOE (6): D. Bernardo Fernández Piñeiro, D. Pedro Amado Sanmartín, Dna. Raquel Caruncho Corral, D. José Simoes Couceiro, Dna. Yolanda Vázquez Busto e Dna. Silvia Fornos Permuy; e do PP (3): Dna. María Carmen Piñeiro Varela, Dna. Ascensión de Vicente Olarte e D. Andrés Pérez Pérez, e **2 votos en contra** dos membros do Grupo Municipal do BNG-AA: Dna. Ana María Veira García e D. Jorge Serafín Allegue Freire, o seguinte **ACORDO**:

**PRIMEIRO.** Ratificar o contido íntegro do expediente, e na súa consecuencia, aprobar inicialmente a Ordenanza específica reguladora das bases de concesión de axudas ás familias para a adquisición de material escolar, curso escolar 2016-2017, Educación Infantil, Primaria, ESO., que se transcribe a continuación:

## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

### **“ORDENANZA ESPECÍFICA REGULADORA DAS BASES DE CONCESIÓN DE AXUDAS ÁS FAMILIAS PARA A ADQUISICIÓN DE MATERIAL ESCOLAR. CURSO ESCOLAR 2016-2017. EDUCACIÓN INFANTIL, PRIMARIA E ESO.**

Esta Ordenanza ten por obxecto regular a convocatoria para a concesión de axudas destinadas a adquisición de material escolar (todo tipo de material agás os libros de texto) e roupa (mandilón, chándal e zapatillas de deporte), co fin de promover o principio de igualdade no exercicio do dereito á educación e compensar ás familias para facer fronte aos gastos derivados da escolarización dos seus fillos matriculados nos cursos de Educación Infantil, Primaria e ESO, todo iso nos termos establecidos no artigo 49 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, no Regulamento de servizos das corporacións locais, na Lei 5/1997, de Administración Local de Galicia, na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, no Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da Lei 38/2003, xeral de subvencións, na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e na Ordenanza xeral de subvencións do Concello de Ponte deume.

#### **Artigo 1º.- Obxecto da convocatoria.**

1.- A igualdade de oportunidades ante o ensino é un dos retos principais que deben afrontar os poderes públicos para facer efectivo o dereito á educación. Unha das medidas fundamentais é o establecemento dun sistema de becas e axudas que posibiliten o acceso e continuidade nos estudos.

Constitúe o obxecto das presentes bases convocar axudas para a adquisición de material escolar (todo tipo de material agás os libros de texto) e roupa (mandilón, chándal e zapatillas de deporte), destinadas ás familias que se atopen nunhas condicións socio-económicas menos vantaxosas.

2.- O importe global máximo que o Concello destinará á concesión destas axudas será de 11.000,00 euros, con cargo á aplicación orzamentaria 326.48000, do orzamento do ano 2017.

3.- As axudas concedidas en virtude da presente ordenanza serán compatibles con calquera outra axuda que se poida recibir coa mesma finalidade doutras entidades públicas ou privadas, sempre que as axudas concorrentes non superen o custo do material escolar subvencionado.

#### **Artigo 2º.- Destinatarios das axudas.**

1.- Estas axudas para a adquisición de material escolar van destinadas ó alumnado, que cursando estudos nos tramos de ensino obrigatorio e gratuíto, pertencen a unha unidade familiar con ingresos anuais (base imponible xeral máis base imponible do aforro) non superiores a 18.000 euros, se ben no caso de familias numerosas incrementárase o umbral en 602,00 euros a partires do terceiro fillo.

2.- Poderá optar a estas axudas o alumnado de segundo ciclo de Educación Infantil, de Educación Primaria e de Educación Secundaria obrigatoria, empadroados no Concello de Ponte deume.

3.- As becas adxudicáranse por estrito orde de puntuación ata esgotar a consignación orzamentaria dispoñible regulada no artigo 1º. En caso de empate, atenderase ó maior número de fillos escolarizados e se o empate continúa valorárase a renda per cápita máis baixa.

#### **Artigo 3º.- Procedemento da solicitude.**



3.1.- **Lugar.** As solicitudes presentaranse, xunto coa documentación correspondente, no Rexistro xeral do Concello.

3.2.- **Prazo.** As solicitudes presentaranse no prazo de quince días hábiles a contar dende o seguinte á publicación desta ordenanza específica no BOP.

Este prazo entenderase sen prexuízo do prazo de dez días hábiles, que se concederá no caso de presentación de documentación incompleta ou defectuosa para a súa rectificación, quedando apercibido que de non facelo así, terase por desistido e arquivaranse as actuacións sen máis trámite, conforme ao previsto no artigo 68 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

### 3.3.- **Documentación a presentar:**

1.- Solicitud, segundo o modelo establecido.

2.- Fotocopia do D.N.I. da/do solicitante, cónxuxe/parella e fillas/os.

3.- Fotocopia do Libro de Familia (completo) ou no caso de familias numerosas, fotocopia do título.

4.-Fotocopia da Declaración do IRPF do exercicio 2015 (completa) da/do solicitante e cónxuxe, ou no caso de non presentala, Certificado de imputacións expedido pola Axencia Estatal de Administración Tributaria.

5.- Certificación da conta bancaria da/do solicitante.

6.- Copia da matrícula do presente curso.

7.- Declaración de conxunto de tódalas solicitudes efectuadas ou concedidas para a dita finalidade das distintas administracións públicas ou organismos privados competentes, segundo o modelo establecido.

8.- Declaración xurada de atoparse ó corrente nas obrigas tributarias en xeral (Estado e Comunidade Autónoma) e, en concreto, co Concello de Pontedeume, e coa Seguridade Social, e de estar ó corrente no cumprimento de obrigas por reintegro de subvencións, segundo o modelo establecido.

9.- Declaración responsable de non estar incurso en ningunha das causas de prohibición para obter subvencións que se establecen no artigo 13.2 da Lei 38/2003 xeral de subvencións, e do non ter pendente de xustificar ningunha subvención concedida polo Concello de Pontedeume, segundo o modelo establecido.

10.- Se é caso, documentación acreditativa da ausencia do fogar familiar dalgún dos proxenitores: familia monoparental, separación/divorcio, viuvez, orfandade, etc.

11.- Certificado do grao de discapacidade, no caso de que algún membro da unidade familiar teña recoñecida unha discapacidade.

12.- No caso de que algún membro da unidade familiar se atope en situación de desemprego dende polo menos un mes anterior á data desta convocatoria, Certificado do servizo Público de emprego que acredite a antigüidade como demandante de emprego.

### **Artigo 4º.- Criterio de avaliación.**

Á vista das solicitudes presentadas, estudaranse pola comisión avaliadora, e concederáanse en función dos seguintes conceptos:

1.- Número de membros da unidade familiar.

## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

2.- Condicións familiares da/o solicitante.

3.- Ingresos familiares.

A ponderación destas situacións é a seguinte, para cada un dos criterios anteriores.

### 1.- Número de membros da unidade familiar.

Por cada membro da unidade familiar do solicitante: 0,5 puntos.

Enténdese por unidade familiar a formada polos pais e fillas/os menores de 18 anos ou fillas/os maiores de 18 anos cunha discapacidade superior ó 33 por cento. No caso de familias monoparentais, e para que os efectos de cálculo da renda per cápita, incrementaríanse nun 0,8 o número real de membros que compoñen a unidade familiar.

### 2.- Condicións familiares da/o solicitante.

Por ausencia do fogar familiar dalgún dos proxenitores (orfandade, separación, familia monoparental, viuvez, etc.): 1 punto.

Por cada membro da unidade familiar con discapacidade: 1 punto.

Por cada membro da unidade familiar en desemprego: 1 punto.

Por familia numerosa (título): 1 punto.

### 3.- Ingresos familiares:

Para estes efectos, teñen a consideración de ingresos familiares a suma da parte da base imponible xeral máis a parte da base imponible do aforro, previas á aplicación do mínimo persoal e familiar no imposto sobre a renda das persoas físicas.

Para as persoas non obrigadas a declarar, as bases impositivas ás que se fai referencia obtéñense como resultado de aplicarles aos datos existentes na Administración os criterios da lexislación do imposto sobre a renda das persoas físicas.

Ponderaríanse do seguinte xeito:

- Ingresos, ata 4.500,00 euros: + 4 puntos.
- De 4.500,01 ata 9.000,00 euros: + 3 puntos.
- De 9.000,01 ata 13.500,00 euros: + 2 puntos.
- De 13.500,01 ata 18.000,00 euros: +1 punto.

Os peticionarios con ingresos superiores a 18.000,00 euros non terán dereito á axuda coa salvedade prevista no artigo 2 punto 1 desta convocatoria.

### Artigo 5.- Obrigas da/o beneficiaria/o.

Son obrigas da/o beneficiaria/o:

- a) Presentar debidamente cuberta a documentación requirida no prazo sinalado.
- b) Xustificar ante o Concello de Ponte deume o cumprimento dos requisitos e das condicións, así como a finalidade que determine a concesión da subvención.



c) Non ter pendente de xustificar ningunha subvención concedida polo Concello de Pontedeume.

d) Someterse ás actuacións de comprobación e control que sexan debidamente requiridas polos órganos municipais, proporcionando tanta información lles sexa requirida no exercicio de ditas actuacións.

e) Comunicar ó órgano concedente a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas. Esta comunicación deberá efectuarse tan pronto como se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos percibidos

f) Acreditar, no momento da xustificación á que se refire o artigo 7, que está ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e no cumprimento de obrigas por reintegro de subvencións, ou autorizar ó Concello de Pontedeume a obter esta información.

g) Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos.

h) Proceder ao reintegro dos fondos públicos percibidos nos supostos contemplados no artigo 37 da LXS.

#### **Artigo 6.- Outorgamento de subvencións.**

1.- O órgano competente para a instrución do procedemento, así como para a realización de cantas actuacións estime necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos datos, en virtude dos que debe pronunciarse a proposta de resolución, será a Concelleira de servizos sociais, educación e deportes. O órgano instrutor, á vista do expediente e do informe da comisión avaliadora, no que se concretará o resultado da avaliación das solicitudes, formulará a proposta de resolución provisional, ó Alcalde - Presidente, que será o órgano competente para a súa concesión, na que se expresará o cumprimento dos requisitos dos solicitantes para a concesión das axudas, a relación nominal e a contía individualizada da subvención que se propón para cada solicitante, con arranxo aos criterios de valoración establecidos no artigo 4 da presente ordenanza específica. Todo isto conforme ó establecido no artigo 14 da Ordenanza Xeral de Subvencións do Concello de Pontedeume (B.O.P. nº142 do 21/06/2008).

A valoración das solicitudes realizarase pola comisión avaliadora, que estará composta por:

- Presidenta: a concelleira de servizos sociais, educación e deportes.
- Vogais:
  - A coordinadora do equipo de servizos sociais do Concello.
  - A educadora social.
  - O traballador social.

- Actuará como secretario da mesma, con voz pero sen voto, a secretaria da corporación ou persoa en quen delegue.

As solicitudes serán valoradas pola comisión mencionada e concedidas polo Alcalde – Presidente mediante decreto.

A resolución deberá conter a relación de solicitantes que resulten beneficiarios e o importe concedido, e a desestimación de solicitudes, se as houbese, e a súa causa.

No caso de que no expediente non fosen tidos en conta outros datos ou alegacións distintas aos presentados polos solicitantes a proposta de resolución terá o carácter de definitiva.

De acordo co previsto no artigo 45 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, así como no artigo 15 da Ordenanza Xeral

## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

de Subvencións do Concello de Ponte deume, a resolución da concesión farase pública, mediante exposición no taboleiro de anuncios do Concello, durante un prazo de 15 días, para que os beneficiarios presenten a documentación xustificativa que se establece no artigo 7 da presente ordenanza específica.

2.- A contía da axuda, por alumno/a, será de 60,00 euros (o importe sobrante distribuirase a partes iguais entre as/os beneficiarias/os).

3.- O importe da axuda en ningún caso poderá ser de tal contía que illadamente ou en concorrencia con outras subvencións ou axudas doutras administracións públicas ou privadas, supere o custo dos gastos acreditados pola/o beneficiaria/o.

### Artigo 7.- Xustificación e pagamento.

1.- O prazo para presentar a documentación xustificativa será de 15 días, contado a partir do día seguinte á publicación da resolución de concesión no taboleiro de anuncios municipal.

O pagamento das axudas efectuarase ós representantes legais das/os beneficiarias/os, unha vez presentada a seguinte documentación:

a) Facturas orixinais ou fotocopias cotexadas dos gastos orixinados pola adquisición do material escolar por importe igual ou superior á contía outorgada. Ademais, deberá acreditarse o pagamento das facturas que se presenten.

As facturas deberán cumprir os requisitos do Real decreto 1619/2012, do 30 de novembro, polo que se aproba o Regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación. As facturas deberán conter como mínimo, os seguintes requisitos:

- Nome, razón social, e NIF ou CIF de quen emite a factura.
- Nome, enderezo e NIF ou CIF da/o beneficiaria/o da subvención, debendo estar expedida a factura a nome da persoa solicitante da subvención.
- Número de factura e data de emisión.
- Detalle do IVE ou imposto correspondente; no caso de exención deberá facerse constar expresamente na factura.
- Relación detallada do que se adquiriu.

b) Declaración xurada de percepción ou non percepción doutras axudas das distintas administracións públicas ou entes públicos ou privados.

c) Certificados de atoparse ao corrente nas obrigas tributarias en xeral (Estado e Comunidade Autónoma) e, en concreto, con Concello de Ponte deume, e coa Seguridade Social, e de estar ao corrente no cumprimento de obrigas por reintegro de subvencións; ou autorizar ó Concello de Ponte deume a obter esta documentación.

2.- Os documentos xustificativos corresponderán ós gastos realizados dende o 01/09/2016 ata a data na que remate o prazo para presentar a documentación xustificativa, e só serán subvencionados os gastos que respondan de maneira indubitada á natureza da actividade subvencionada, e se realicen no prazo establecido.

3.- De non presentar a xustificación dentro do prazo establecido, entenderase que desiste da súa petición; o que dará lugar á incoacción, por decreto da Alcaldía, do expediente de anulación do correspondente compromiso que conlevará a perda do dereito de cobro da subvención.



4.- Este prazo entenderase sen prexuízo do prazo de dez días hábiles, que se concederá no caso de presentación de documentación incompleta ou defectuosa para a súa corrección.

#### **Disposición adicional.**

Para o non previsto na presente ordenanza será de aplicación o que se dispón na Lei 38/2003 xeral de subvencións, no Real Decreto 887/2006 polo que se aproba o regulamento da Lei xeral de subvencións, na Lei 9/2007 de subvencións de Galicia e na Ordenanza xeral de subvencións do Concello de Pontedeume.

#### **Disposición final.**

Esta Ordenanza entrará en vigor unha vez publicada no Boletín Oficial da Provincia e unha vez transcorrido o prazo ao que se refire o artigo 70.2 en relación co artigo 65.2 da Lei 7/85, reguladora de bases de réxime local, modificada pola Lei 11/1999, do 21 de abril, e comezará a aplicarse a partir do día seguinte, permanecendo vixente ata que se acorde a súa modificación ou derogación expresa.

Contra esta Ordenanza poderá interpoñerse recurso contencioso administrativo ante a Sala do Contencioso - Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da publicación no Boletín Oficial da Provincia.

Esta ordenanza consta de 7 artigos, unha disposición adicional e unha disposición final.”

**SEGUNDO.** Continuar a tramitación do expediente, remitindo o correspondente edito ao Boletín Oficial da Provincia, a fin de que, de conformidade co disposto no artigo 49.b) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, se proceda á información pública e audiencia aos interesados durante o prazo de trinta días hábiles, que comezará a contarse a partir do seguinte ao da devandita publicación, inxeríndose copia do edito no taboleiro de anuncios deste concello.

**TERCEIRO.** No caso de que se presenten reclamacións e/ou alegacións contra o citado expediente, procederase a súa resolución, previos os informes oportunos, polo pleno da corporación, procedéndose, unha vez resoltas, á aprobación definitiva do expediente e á publicación íntegra do texto da ordenanza no Boletín Oficial da Provincia.

**CUARTO.** Que no caso de que non se presenten reclamacións e/ou alegacións contra o expediente, considerárase que queda aprobado definitivamente, sen necesidade de acordo posterior, procedendo de seguido á publicación indicada no apartado procedente de conformidade co disposto no artigo 49.c) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

#### **4.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG-AA RELATIVA AOS DANOS CAUSADOS POLOS TEMPORAIS E ÁS RESPONSABILIDADES DAS COMPAÑÍAS ELÉCTRICAS SUBMINISTRADORAS.**

A Presidencia da uso da palabra á portavoz do Grupo Municipal do BNG-AA, Dña. Ana Veira García da lectura ao texto da MOCIÓN, que se transcribe a continuación:

#### **<<EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

*Ao longo dos primeiros días de febreiro de 2017 producíronse en Galiza unha serie de temporais sucesivos que tiveron como consecuencia máis grave a perda de vidas humanas.*



## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Ademais, causaron importantes danos en propiedades privadas, no sector primario, na actividade industrial e de servizos e en infraestruturas e equipamentos públicos.

Un dos efectos máis graves foi o dos cortes do subministro eléctrico que afectaron a milleiros de galegos e galegas durante máis de 48 e 72 horas. Unha situación que ten a ver coas deficiencias da infraestrutura da rede eléctrica, co abandono dos labores básicos e continuados de mantemento das liñas eléctricas e co insuficiente e tardío operativo das empresas distribuidoras e subministradoras finais de enerxía eléctrica.

Tendo en conta a gravidade da situación, cómpre facer unha primeira avaliación dos danos producidos e aprobar un decreto de axudas para facer fronte ás perdas tanto no ámbito público como privado.

Alén diso, para evitar que situacións tan calamitosas se volvan a repetir tamén cómpre inspeccionar e revisar as obrigas que deben cumprir as empresas eléctricas respecto da conservación axeitada da infraestrutura eléctrica, esixindo as responsabilidades oportunas así como impondo un plan de mellora constante da rede eléctrica ás distribuidoras.

Non é aceptábel que Galiza, sendo produtora e excedentaria de enerxía eléctrica, con numerosos encoros, minicentraís, centrais térmicas ou parques eólicos instalados ao longo do seu territorio que xeran enerxía sen parar, tendo que asumir os custes ambientais de dita actividade, estea obrigada ademais a soportar unha pésima calidade no subministro eléctrico.

Polo anteriormente exposto, o grupo do BNG presenta a seguinte moción para o seu tratamento e debate polo Pleno da Corporación: do concello de Ponte deume

### ACORDOS

#### **Instar ao Goberno galego a:**

**a) Facer unha avaliación urxente e un estudo dos danos producidos polos temporais de 2017 nas infraestruturas e servizos de titularidade pública e privada: infraestruturas e equipamentos públicos, mobiliario, equipamento e bens dos fogares; infraestruturas e bens do sector primario (agrario, gandeiro, forestal, marisqueiro, pesqueiro, acuícola...), actividade industrial e sector servizos.**

**b) Aprobar axudas para os concellos, fogares e empresas que sufriron perdas como consecuencia dos temporais.**

**c) Exixir responsabilidades e establecer medidas sancionadoras ás empresas titulares das infraestruturas polo mal estado das mesmas e ás prestadoras de servizos de subministro eléctrico polo tardío e deficiente operativo de resposta para minimizar os efectos dos cortes do servizo.**

**d) Obrigar ás empresas subministradoras de enerxía a efectuar unha auditoría da situación das liñas eléctricas en Galiza, presentar un plan para subsanar as deficiencias urxentes e unha programación para acometer os investimentos precisos de forma continuada que garantan unha axeitada conservación da infraestrutura eléctrica.**

**2. Prestar apoio e asesoramento á veciñanza afectada a través dos servizos municipais, a fin de axudar na presentación de reclamacións ou solicitudes de axudas, así como efectuar o seguimento na súa tramitación, para compensar os danos e perdas sufridos con ocasión do temporal.>>**

O Sr. Presidente abre a quenda para o debate.



Toma a palabra a portavoz do BNG-AA para indicar que, se ben parece que o goberno galego está a traballar no que respecta ao contido do punto primeiro dos acordos, non quere dicir que o contido daquel estea caducado. Considera que o Concello ten que aprobar a moción, sobre todo porque se pide unha auditoría das liñas, que vai mais aló das situacións provocadas polos temporais, e pon como exemplo a súa situación persoal: cada vez que hai vento queda sen luz e está a pagar por unha potencia que non ten. Xustifica a petición da colaboración do concello na dificultade das persoas usuarias á hora de poñerse en contacto coa empresa subministradora para interpoñer unha reclamación. Conclúe a súa intervención facendo alusión á situación que se da nas grandes empresas eléctricas, indicando que se fan ricas a costa dos cidadáns para logo colocar a amigos.

De seguido, intervén Dna. Ascensión de Vicente Olarte. A concelleira do PP da conta das accións levadas a cabo polo goberno galego: estudo de declaración de zona catastrófica, expediente informativo sobre os puntos de luz, habilitadas todas as canles do instituto de consumo, oficinas, para a atención ás persoas afectadas; durante o temporal, habilitada a liña 112 e protección civil, polo que considera que se está a actuar sobre o contido da moción e que se debe agardar un pouco, sobre todo no caso das eléctricas, de haber posibles indemnizacións.

D. José Simoes Couceiro, portavoz do Grupo Municipal do PSOE, di que dende o seu grupo concordan coa moción, polo que van votar a favor se ben indica que o concello non ten capacidade para realizar un seguemento da tramitación das reclamacións ou solicitudes como se pide no punto segundo, que se podería asesorar.

D. Jorge Serafín Allegue Freire propón que o concello tome medidas se non hai resposta da compañía.

Dna. Ana Veira García di que o concepto de seguemento é moi amplo.

Dende a Presidencia proponse que a redacción do punto segundo da moción sexa a seguinte:  
***"Prestar apoio e asesoramento á veciñanza afectada a través dos servizos municipais, a fin de axudar na presentación de reclamacións ou solicitudes de axudas, así como efectuar o seguimento dos casos, para compensar os danos e perdas sufridos con ocasión do temporal"***

Dna. Ascensión de Vicente Olarte pregunta a través de que medios.

D. Bernardo Fernández Piñeiro di que se mirarán as posibilidades de non ser atendidos os casos.

Dende o Grupo Municipal do BNG-AA acéptase a modificación da redacción do punto nº2.

Concluídas as intervencións, sométese a proposta a votación resultando **ADOPTADO por 8 votos a favor** dos concelleiros e concelleiras do Grupo Municipal do PSOE (6): D. Bernardo Fernández Piñeiro, D. Pedro Amado Sanmartín, Dna. Raquel Caruncho Corral, D. José Simoes Couceiro, Dna. Yolanda Vázquez Busto e Dna. Silvia Fornos Permuy, e do BNG-AA(2): Dna. Ana María Veira García, D. Jorge Serafín Allegue Freire e **3 votos en contra** dos concelleiros e concelleiras do Grupo Municipal do PP: Dna. María Carmen Piñeiro Varela, Dna. Ascensión de Vicente Olarte e D. Andrés Pérez Pérez, o seguinte **ACORDO**:

#### **Instar ao Goberno galego a:**

**a) Facer unha avaliación urxente e un estudo dos danos producidos polos temporais de 2017 nas infraestruturas e servizos de titularidade pública e privada: infraestruturas e equipamentos públicos, mobiliario, equipamento e bens dos fogares; infraestruturas e bens do sector primario (agrario, gandeiro, forestal, marisqueiro, pesqueiro, acuícola...), actividade industrial e sector servizos.**

## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

b) Aprobar axudas para os concellos, fogares e empresas que sufriron perdas como consecuencia dos temporais.

c) Exixir responsabilidades e establecer medidas sancionadoras ás empresas titulares das infraestruturas polo mal estado das mesmas e ás prestadoras de servizos de subministro eléctrico polo tardío e deficiente operativo de resposta para minimizar os efectos dos cortes do servizo.

d) Obrigar ás empresas subministradoras de enerxía a efectuar unha auditoría da situación das liñas eléctricas en Galiza, presentar un plan para subsanar as deficiencias urxentes e unha programación para acometer os investimentos precisos de forma continuada que garantan unha axeitada conservación da infraestrutura eléctrica.

2. Prestar apoio e asesoramento á veciñanza afectada a través dos servizos municipais, a fin de axudar na presentación de reclamacións ou solicitudes de axudas, así como efectuar o seguimento dos casos, para compensar os danos e perdas sufridos con ocasión do temporal.

### 5.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG-AA PARA NOMEAR O PASEO FLUVIAL DE PONTEDEUME COMO PASEO FLUVIAL ROSALÍA DE CASTRO.

A Presidencia da uso da palabra á portavoz do Grupo Municipal do BNG-AA, Dña. Ana Veira García da lectura ao texto da MOCIÓN, que se transcribe a continuación:

#### " EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

*O 24 de febreiro de 2017 cúmprense **180 anos do nacemento de Rosalía de Castro**, un día e un mes en que é preciso traballar, como o resto do ano mais de xeito máis intenso e planificado, para difundir unha obra e un pensamento con forte vixencia na actualidade e que pode coadruar a recuperar o orgullo de quen somos e o recoñecemento da nosa lingua como expresión xenuína do pobo galego. Lembremos que estamos a falar dunha escritora radical, culta, feminista e comprometida co noso país, coas súas clases populares e cos sinais de identidade de Galicia, entre os que se conta o galego, **na actualidade claramente ameazado**.*

*Rosalía de Castro é non só a escritora máis representativa da lingua e da literatura galegas senón a que marcou o camiño a seguir ao iniciar o proceso de recuperación de usos do galego co obxectivo de lle devolver a dignidade.*

*A publicación do seu libro **Cantares Gallegos**, o primeiro escrito integramente no noso idioma, sinala o inicio da restauración do uso escrito do noso idioma e o final de séculos de silencio e esquecemento. A recuperación literaria e lingüística de Galicia ten unha enorme débeda coa súa obra, que marca a ruptura da marxinalidade do galego e **desafía a sociedade do sen tempo a través do discurso de defensa da terra, da súa xente e dunha lingua que merece continuar a ser transmitida de xeración en xeración e ser utilizada en todos os ámbitos para contribuír**, desde a súa especificidade, ao saber universal que tamén posúe a obra rosaliana.*

*Nuns tempos en que os datos obxectivos indican un alarmante descenso no uso do galego, a difusión do coñecemento da súa obra é necesaria para as galegas e os galegos, en especial para as*



xeracións máis novas, pois nos seus textos achamos procedementos e argumentos para fomentar a utilización da nosa lingua, achegarse á nosa idiosincrasia e comprender a nosa identidade cultural. Cómpre, pois, aproveitar a reivindicación desta data para estendela a un mes de febreiro de firme e inequívoco compromiso co idioma, sumando todos os esforzos posibles para continuar o camiño por ela iniciado para o galego se converter na lingua en que expresarmos todos os nosos sentimentos e emocións, en que desenvolvemos toda a nosa actividade profesional, en que achegamos a nosa contribución á cultura universal.

Sabedores que existen propostas en diversos concellos para poner o seu nome a diversas infraestruturas. Así mesmo fóra do territorio galego están a facerse recoñecementos como o da compañía aérea norueguesa que lle vai pór o seu nome a un Boeing 737-800 dado o seu destacado papel "Na recuperación do galego como lingua e cultura e na emancipación da muller"

Lembrando os acordos aprobados, por unanimidade, da Corporación nos Plenos Ordinarios do 23 de febreiro de 2012 e do 28 de xaneiro de 2016.

Por todo o exposto, o Grupo Municipal do BNG-AA de Pontedeume propón á Corporación a adopción do seguinte

### **ACORDO**

**1.- Darlle o nome de Paseo Fluvial Rosalía de Castro ao paseo que xa parte hoxe en día da Praza Rosalía de Castro."**

O Sr. Presidente abre a quenda para o debate.

Toma a palabra a portavoz do BNG-AA. Dña. Ana Veira García quen indica que se está a pensar en poñerlle esta denominación a un dos aeroportos máis emblemáticos de Galicia, polo que considera que non hai moito máis que dicir.

De seguido, intervén Dña. Ascensión de Vicente Olarte que inicia a súa intervención facendo a pregunta sobre a denominación: se é fluvial ou marítimo, como está recollido?

Indícase que no inventario está recollido como marítimo, dende a praza de Rosalía ata o instituto de formación profesional pertence a Portos e dende o centro educativo ata a marxe dereita do río Covés a Costas.

Aclarado isto, a concelleira do PP, en apoio da moción, continúa a súa unha intervención dando remitíndose e dando lectura a un fragmento do libro "Sen agardar a Ulises. Vida de Rosalía" e anunciando que o voto do seu grupo vai ser positivo.

Toma a palabra o portavoz do Grupo Municipal do PSOE. D. José Simoes Couceiro que, anunciando o seu voto a favor, di que sería preferible que este tipo de propostas se consensuaran antes de traela ao Pleno entre todos os tres grupos.

Pecha o debate o Sr. Alcalde. D. Bernardo Fernández Piñeiro quen di que a tramitación farase conforme estableza o regulamento de honras e distincións.

Concluídas as intervencións, sométese a proposta a votación resultando adoptado por **UNANIMIDADE** dos/as membros presentes o seguinte **ACORDO**:

**1.- Darlle o nome de Paseo Fluvial Rosalía de Castro ao paseo que xa parte hoxe en día da Praza Rosalía de Castro.**

**6.- MOCION DO GRUPO MUNICIPAL DO PP PARA QUE O GOBERNO DA DEPUTACIÓN A CORUÑA GARANTA QUE O CONCELLO DE PONTEDEUME**

## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

### **PERCIBIRÁ, COMO MÍNIMO, A TRAVÉS DO NOVO PLAN ÚNICO, OS MESMOS FONDOS QUE RECIBÍAN COAS LÍNEAS DE SUBVENCIÓN QUE EXISTÍAN CON ANTERIORIDADE.**

A Presidencia da uso da palabra a portavoz do Grupo Municipal do PP, Dna. Ascensión de Vicente Olarte, quen da lectura ao texto da MOCIÓN, que se transcribe a continuación

#### **<<EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

*O pleno da Deputación da Coruña aprobou o pasado mes de novembro, cos votos a favor do Goberno provincial, Marea Atlántica, Compostela Aberta e Alternativa dos Veciños, e co voto en contra do Partido Popular, o Plan Único dos Concellos dotado con 74 millóns de euros.*

*O novo programa unifica o Plan de Obras e Servizos, o Plan de Acción Social e o Plan de Aforro e Investimentos e 11 liñas de subvencións (en concreto suprimense as de cultura, deportes, promoción, económica, turismo, desenvolvemento de servizos sociais, políticas de igualdade, envellecemento activo).*

*Segundo o acordo plenario, o POS 2017 nutrirase dos 24,2 millóns que a Deputación achegaba cada ano ao tradicional Plan de Obras e Servizos, así como dos 8,3 millóns das liñas de axuda e dos 20 millóns do superávit que o organismo provincial prevé obter este ano e os 21,5 millóns que ata agora se dedicaban ao Plan de Aforro e Investimento.*

*Ademais, tendo en conta que o goberno provincial comprometeuse tamén a engadir, como mínimo, os 13 millóns de euros de remanente, co que igualaría a achega total dos plans do anterior goberno.*

*En consonancia con todo isto, o Grupo Municipal do Partido Popular de Ponte deume propón á consideración do pleno municipal o seguinte ACORDO:*

- 1. Que Deputación da Coruña garanta que o Concello Ponte deume, como mínimo, non verá reducidos os ingresos que percibiu o ano pasado a través do Plan de Obras e Servizos, o Plan de Acción Social e o Plan de Aforro e Investimentos e 11 liñas de subvencións: cultura, deportes, promoción, económica, turismo, desenvolvemento de servizos sociais, políticas de igualdade, envellecemento activo).*
- 2. Que a institución provincial comprométase a incluír na partida orzamentaria coa que arranca o Plan Único dos Concellos os remanentes de tesourería que se vaian xerando ao longo do exercicio económico do 2017.>>*

O Sr. Presidente abre a quenda para o debate.

Toma a palabra Dna. Ascensión de Vicente Olarte. A concelleira do PP indica que se trata dunha moción que se está a presentar dende o Partido Popular a nivel de toda a provincia. Cre que se está convertindo nun "toma e daca" e que considera que a presentación das mocións debería de agardar un pouco ata ver como se desenvolve o Plan, que acaba de empezar, xa que non se sabe como vai resultar.

Dna. Ana Veira pregunta, logo da intervención da Sra. de Vicente Olarte se manteñen a moción.

Dna. Ascensión de Vicente que indica que a súa intervención foi aclaratoria do motivo da presentación por parte do seu grupo.



Toma a palabra a portavoz do BNG-AA. Dna. Ana Veira di que, se ben se trata de algo que está empezando, a filosofía do POS+, é a de dar aos distintos concellos máis dispoñibilidade e autonomía; que o BNG, como membro do goberno da Deputación é artífice, e que cren que é a mellor maneira ou, polo menos, unha das mellores maneiras ata o de agora de repartir os fondos. Fai alusión á rebaixa das subvencións nominativas e á porcentaxe de concellos que se beneficiaban daquelas durante o mandato anterior, 95% do PP, e defende os criterios de reparto do Plan Único, independentes da "cor" do concello, que considera máis xusto e que polo tanto, o BNG vai votar en contra.

Toma a palabra o Sr. Alcalde. D. Bernardo Fernández Piñeiro agradece a sinceridade da concelleira do PP e indica que o que hai de fondo no Plan Único é un cambio no sistema de reparto dos fondos públicos. Da conta dos distintos sistemas de reparto de fondos da Deputación e defende o sistema do Pos + e a redución das subvencións nominativas ao 5%. Cualifica o sistema de reparto como equitativo e porcentual entre todos os grupos, atendendo a criterios xustos, incluso os que non teñen representación (como Terra Galega), contrapoiñendo co sistema de reparto do PP e pon como exemplo o criterio de "orde de entrada" do Plan Urban. Fai referencia ao sistema de financiamento da Deputación e da dificultade da estimación dos ingresos do Estado. Concorde coa concelleira do PP en que non ten sentido presentar esta moción agora xa que a comparativa entre Plans debe ser a ano pechado, non tres meses contra un ano, e que na actualidade falta por incorporar o remanente de 20 millóns de euros da liquidación de 2016..., que se debería de agardar a ver como se desenvolve o Plan.

Dna. Ascensión de Vicente Olarte di que entón, a moción do PSOE estaría no mesmo sentido.

D. Bernardo Fernández Piñeiro di que non, xa que o que o que se fai agora é ir á Xunta a pedir, non habendo un criterio de reparto obxectivo. Di que o criterio de reparto do POS+ pode ser mellorable, pero que é xusto xa que non depende do criterio dunha persoa.

Intervén o portavoz do PSOE, D. José Simoes Couceiro di que co Plan Único, aumenta a autonomía local e que segundo os informes da Deputación, afórranse entre oito e dez mil expedientes.

Concluídas as intervencións, sométese a proposta a votación **NON ADOPTÁNDOSE o ACORDO por 8 votos en contra** dos concelleiros e concelleiras do Grupo Municipal do PSOE(6): D. Bernardo Fernández Piñeiro, D. Pedro Amado Sanmartín, Dna. Raquel Caruncho Corral, D. José Simoes Couceiro, Dna. Yolanda Vázquez Busto e Dna. Silvia Fornos Permuy, e do BNG-AA(2): Dna. Ana María Veira García, D. Jorge Serafín Allegue Freire **e 3 votos a favor** dos concelleiros e concelleiras do Grupo Municipal do PP: Dna. María Carmen Piñeiro Varela, Dna. Ascensión de Vicente Olarte e D. Andrés Pérez Pérez.

## **7. - ACTIVIDADE DE CONTROL DO PLENO: MOCIÓNS URGENTES.**

Dase conta da presentación de dúas mocións presentadas polo Grupo Municipal do BNG-AA, **"MOCIÓN 8 DE MARZO."** e do PsDG-PSOE **"MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PsDG-PSOE RELATIVA Á DISTRIBUCIÓN DOS RECURSOS DA XUNTA DE GALICIA AOS CONCELLOS CON CRITERIOS OBXECTIVOS E TRANSPARENTES"**

Toma a palabra Dna. Ana Veira García, que xustifica a urxencia do tratamento da moción, tendo en conta os últimos asasinatos de mulleres, pasando a dar lectura ao texto da moción, que se transcribe a continuación:

### **"EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

*Hai xa máis de cen anos que o movemento feminista estendeu o 8 de marzo como unha data internacional e referencial na loita pola igualdade de dereitos das mulleres. Na actualidade esta*

## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

data simboliza a loita incansábel de moitas mulleres e colectivos de mulleres de todo o mundo na defensa da igualdade, especialmente no ámbito laboral, e que teñen contribuído a conquistar numerosos avances en materia de dereitos. Porén, contamos con numerosos indicativos que amosan como a igualdade real é un obxectivo aínda lonxe de conquistar.

Organismos e observatorios tanto internacionais como galegos teñen alertado da enorme desigualdade que aínda sufrimos as mulleres no mundo. Deste xeito, podemos observar o que nos indica o último informe de outubro de 2016 do Foro Económico Mundial, no que se avalían indicadores a educación, as saúde, as oportunidades económicas e o empoderamento político. Nel advírtese que a igualdade entre homes e mulleres podería demorar 170 anos cando no informe anterior se estimaban 118, unha regresión á que, como recoñece o propio informe, contribúe o feito de térense freado de forma drástica os avances na materia.

O informe evidencia a desigualdade vixente cifrando a fenda entre homes e mulleres nun 59% para o 2016, a maior desde 2008. Indica como a pesares de traballar de media máis horas, as mulleres gañan de media pouco máis da metade do que os homes e como se ten estancado a participación das mulleres no mundo laboral: unha media dun 54% de mulleres activas laboralmente fronte a un 81% dos homes. Esta desigualdade pode observarse tamén de forma clara e especialmente simbólica nos postos de responsabilidade que ocupan as mulleres, pois só hai catro países en todo o mundo co mesmo número de homes e mulleres en postos legislativos, por exemplo.

As consecuencias da crise económica e o empeoramento das condicións laborais a partir das reformas laborais de PP e PSOE teñen contribuído tamén a profundar na desigualdade. Deste xeito, somos as mulleres quen ocupamos as peores porcentaxes de traballo precario, temporal, parcial e bolsas de traballo fóra da lei nun marco onde a lexislación e a inspección son aínda insuficientes. Esta desigualdade esténdese tamén ao ámbito do traballo non remunerado, na que o reparto das responsabilidades repercute negativamente sobre quen agora recibimos a sobrecarga derivada da redución do apoio ás necesidades de coidados coa desculpa da crise económica.

Un contexto no que as condicións materiais de vida empeoraron grazas ás políticas de recortes do PP e no que a redución salvaxe do gasto social perxudica de maneira maioritaria ás mulleres deixa un país no que os datos máis recentes acrecentan a preocupación. Por exemplo, os datos recentes do IGE e da EPA indican a tendencia decrecente da taxa de actividade das mulleres, xa que ademais de ser case dez puntos inferior á dos homes (48,7% fronte ao 58,4 no 2016) podemos observar como mentres esta taxa se incrementou para os homes tivo un comportamento oposto no caso das mulleres.

Doutra banda, as situacións de acoso laboral exercido sobre as mulleres traballadoras debe centrar a nosa atención. Segundo os datos feitos públicos polo propio Consello Xeral do Poder Xudicial, Galiza é a segunda comunidade despois da de Madrid na que máis demandas por problemas de conciliación se presentan e ademais, nos últimos tempos foron coñecidos preocupantes casos de acoso laboral e machista como os de Clece ou Hedegasa que constitúen exemplos de violencia laboral e violencia machista.

Pasaron xa máis de dez anos da aprobación da Lei 7/2004, do 16 de xullo, galega para a igualdade de mulleres e homes e a vixencia da situación de desigualdade así como as mudanzas e avances colectivos no recoñecemento e visibilización das múltiples formas de violencia contras as mulleres obrigan a avaliarmos a vixencia ou non deste marco e a necesidade de introducir modificacións e mesmo elaborar un novo marco legal que dea cabida ás necesidades e novos retos do futuro inmediato.



Por todo isto, o grupo municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación Municipal a adopción dos seguintes

### **ACORDOS**

***Apoiar publicamente e chamar á participación das veciñas e veciños nos actos e reivindicacións das organizacións e colectivos feministas locais e comarcais con motivo desta data.***

***Instar goberno da Xunta de Galiza a elaborar un estudo sobre o impacto, grao de cumprimento e vixencia da Lei 7/2004, do 16 de xullo, galega para a igualdade de mulleres e homes en colaboración co Parlamento galego e participado por axentes sociais, sindicais e organizacións e colectivos feministas para valorar a necesidade da elaboración dunha nova lei.***

***Incluír nos pregos de contratación das empresas penalizacións e restrición de contratos por causa de discriminación por xénero ou orientación sexual así como rescindir os contratos municipais con aquelas empresas que teñan imputado algún caso de acoso laboral”***

Concluída a lectura, a portavoz do BNG di que está de manifesto que cada vez hai máis asasinatos polo que habería que xuntar aos distintos colectivos, axentes sociais, ver que pasa e modificar a lei canto antes.

Sométese a votación a ratificación da urxencia e a inclusión da moción na orde do día, resultando **RATIFICADA a URXENCIA** e a **INCLUSIÓN DA MOCIÓN 8 DE MARZO NA ORDE DO DÍA POR UNANIMIDADE** dos/as membros presentes.

O Sr. Presidente abre a quenda para o debate.

Toma a palabra Dna. Ascensión de Vicente Olarte. A concelleira do PP di que o texto da moción non recolle nada da violencia de xénero e que a súa intervención está enfocada doutro xeito.

Dna. Ana Veira di que se hai desigualdade, hai violencia.

A Sra. de Vicente Olarte continúa a súa intervención dando conta das distintas actuacións do goberno galego na materia da Igualdade (fomento da igualdade laboral, empregabilidade, convocatoria de axudas destinadas a PEMES para garantir e mellorar a conciliación, campaña nas redes sociais, "no hate" contra o discurso sexista...). Di que aceptarían o texto da moción se no punto primeiro non se limitara o apoio aos actos dun determinado colectivo (feminista), que están dacordo co que se recolle no punto segundo e que do punto terceiro do acordo suprimirían o relativo á "imputación", xa que considera que se estarían a sobrepasar límites e di que se debería reflexionar un pouco máis ao respecto.

Toma a palabra o D. Bernardo Fernández Piñeiro. O Sr. Alcalde remítese ao sometemento á legalidade das distintas accións por parte do concello, en referencia a que non se pode rescindir o contrato polo caso plantexado no texto do acordo, se ben o que podería facer o Concello será puntuar positivamente outras medidas. Di que o concello non pode interferir na relación laboral entre empresa e traballador/a, polo que propón redefinir o contido do punto terceiro.

Dna. Ana Veira pregunta cal sería a actuación do concello en caso de que se coñecera un caso de acoso laboral nunha empresa que está a percibir fondos públicos deste.

D. Bernardo Fernández Piñeiro propón a redefinición do punto terceiro dos acordos, xa que o concello non pode excluír empresas por exemplo, nun concurso público, e por tanto, propón a redacción seguinte: Que o Concello, dentro das posibilidades que a lei permita, evite contratar empresas onde estea constatado legalmente algún caso de acoso laboral.



## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Por todo o anterior, sométese a votación o acordo coa redacción seguinte:

***Apoiar publicamente e chamar á participación das veciñas e veciños nos actos e reivindicacións das organizacións e colectivos feministas locais e comarcais, e colectivos feministas, con motivo desta data.***

***Instar goberno da Xunta de Galiza a elaborar un estudo sobre o impacto, grao de cumprimento e vixencia da Lei 7/2004, do 16 de xullo, galega para a igualdade de mulleres e homes en colaboración co Parlamento galego e participado por axentes sociais, sindicais e organizacións e colectivos feministas para valorar a necesidade da elaboración dunha nova lei.***

~~***Incluír nos pregos de contratación das empresas penalizacións e restrición de contratos por causa de discriminación por xénero ou orientación sexual así como rescindir os contratos municipais con aquelas empresas que teñan imputado algún caso de acoso laboral.***~~ Que o Concello, dentro das posibilidades que a lei permita, evite contratar empresas onde estea constatado legalmente algún caso de acoso laboral.

Quedando adoptado por **UNANIMIDADE** dos/as membros presentes o seguinte **ACORDO**:

***Apoiar publicamente e chamar á participación das veciñas e veciños nos actos e reivindicacións das organizacións e colectivos locais e comarcais, e colectivos feministas, con motivo desta data.***

***Instar goberno da Xunta de Galiza a elaborar un estudo sobre o impacto, grao de cumprimento e vixencia da Lei 7/2004, do 16 de xullo, galega para a igualdade de mulleres e homes en colaboración co Parlamento galego e participado por axentes sociais, sindicais e organizacións e colectivos feministas para valorar a necesidade da elaboración dunha nova lei.***

**Que o Concello, dentro das posibilidades que a lei permita, evite contratar empresas onde estea constatado legalmente algún caso de acoso laboral.**

De seguido, a Presidencia da a palabra ao portavoz do PSOE, D. José Simoes Couceiro, quen da lectura ao texto da **MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PSDG-PSOE RELATIVA Á DISTRIBUCIÓN DOS RECURSOS DA XUNTA DE GALICIA AOS CONCELLOS CON CRITERIOS OBXECTIVOS E TRANSPARENTES**:

### **“EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

O Plan Único de Concellos (POS+2017), aprobado pola Deputación da Coruña no pleno do 25 de novembro de 2016, é un modelo singular de cooperación entre a Deputación e os concellos que, entre outros obxectivos, pretende mellorar e simplificar as fórmulas de cooperación cos concellos, facilitándolles a tarefa de elaboración do seu orzamento anual, ao contar cunha previsión firme na aportación provincial, permitíndolle dar resposta a situacións e necesidades concretas de cada concello, simplificando ao mesmo tempo as tarefas administrativas, coa consecuente rebaixa na sobrecarga de traballo do persoal dos concellos. Cómpre destacar, así mesmo, que este plan de colaboración cos concellos contempla a distribución de fondos con criterios obxectivos (os criterios POS), uns criterios que suscitan un amplísimo e moi maioritario apoio entre os concellos da provincia. É, pois, un instrumento de cooperación que avanza claramente na transparencia do reparto dos fondos e que permite que os concellos teñan un



marco referencial da achega total inicial da Deputación da Coruña, que, por outra parte, ten un carácter dinámico, xa que as propias bases do Plan recollen a posibilidade de incrementar a súa dotación orzamentaria con cargo aos remanentes que se xeren ao longo do exercicio. O Plan Único afonda igualmente no concepto de autonomía local, posto que facilita que os concellos destinen a achega provincial ás prioridades municipais de cada concello.

Outros aspectos positivos e innovadores a destacar do Plan Único da Deputación da Coruña son: primeiro, que non esixe aos concellos o seu cofinanciamento, como si lles esixen os “Plans Finalistas” que levan aparelado unha porcentaxe de endebedamento local, evitando con isto provocar que as administracións locais sigan aumentando as súas obrigas e a súa débeda; segundo, que ofrece un mecanismo aos concellos en dificultades para sanear as súas contas públicas; e terceiro, que facilita que se rebaixen os períodos medios de pago ás empresas, o que evita que os concellos con graves problemas económicos se vexan na obriga de reducir servizos ou de subir taxas e impostos aos seus veciños e veciñas para poder facerlle fronte ao seu déficit e/ou débeda.

Con este Plan Único de Concellos (POS+2017) a Deputación da Coruña está a marcar un novo camiño para outras administracións no ámbito da cooperación local. Só hai que salientar un dato comparativo: mentres a Deputación destina inicialmente ao Plan Único 74 millóns de euros para os 93 concellos da provincia (que ao final do exercicio 2017 prevese que poida alcanzar a cifra de 100 millóns), a Xunta de Galicia unicamente achega 120 millóns ao Fondo de Cooperación Local para os 313 concellos do país.

Por todo o exposto anteriormente, o Grupo Municipal do PSdG-PSOE solicita ao Pleno da Corporación do Concello de Pontedeume a adopción do seguinte:

#### **ACORDO**

**Instar á Xunta de Galicia a que siga os pasos da Deputación da Coruña, transferindo directamente ao Fondo de Cooperación Local os recursos que o Goberno galego destina aos concellos, actuando con transparencia e obxectividade no reparto de fondos da Comunidade Autónoma.”**

Toma a palabra D. José Simoes Couceiro insiste na autonomía local á hora de defender o sistema de reparto de fondos proposto na moción.

Sométese a votación a ratificación da urxencia e a inclusión da moción na orde do día, resultando **RATIFICADA a URXENCIA** e a **INCLUSIÓN DA MOCIÓN RELATIVA Á DISTRIBUCIÓN DOS RECURSOS DA XUNTA DE GALICIA AOS CONCELLOS CON CRITERIOS OBXECTIVOS E TRANSPARENTES NA ORDE DO DÍA POR UNANIMIDADE** dos/as membros presentes.

O Sr. Presidente abre unha quenda para o debate.

Dña. Ascensión de Vicente Olarte remítese á intervención relativa á súa moción, considerando que hai que agardar un tempo e que por tanto, van votar en contra.

Toma a palabra a portavoz do Grupo Municipal do BNG-AA. Dña. Ana Veira García anuncia o voto a favor do seu grupo, fundamentándose no que considera unha boa fórmula para o reparto de fondos e para a economía municipal, máis clara, para todos os Concellos e con menos carga burocrática e máis axilidade na tramitación.

Concluídas as intervencións, sométese a proposta a votación quedando **ADOPTADO por 8 votos a favor** dos concelleiros e concelleiras do Grupo Municipal do PSOE(6): D. Bernardo Fernández Piñeiro, D. Pedro Amado Sanmartín, Dña. Raquel Caruncho Corral, D. José Simoes Couceiro, Dña. Yolanda Vázquez Busto e Dña. Silvia Fornos Permuy, e do BNG-AA(2): Dña. Ana María Veira García, D. Jorge Serafín Allegue Freire **e 3 votos en contra** dos concelleiros e

## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

concelleiras do Grupo Municipal do PP: Dna. María Carmen Piñeiro Varela, Dna. Ascensión de Vicente Olarte e D. Andrés Pérez Pérez, o **ACORDO** seguinte:

**Instar á Xunta de Galicia a que siga os pasos da Deputación da Coruña, transferindo directamente ao Fondo de Cooperación Local os recursos que o Goberno galego destina aos concellos, actuando con transparencia e obxectividade no reparto de fondos da Comunidade Autónoma.**

[abandona a sesión D. Jorge Serafín Allegue Freire, sendo as 14h36']

### 8- ACTIVIDADE DE CONTROL DO PLENO: DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA PRESIDENCIA.

A Secretaria da lectura á proposta da Alcaldía-Presidencia, que se transcribe a continuación:

#### **"DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS DE ALCALDÍA PRESIDENCIA. SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DE 23/02/2017"**

De conformidade co disposto no artigo 42 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, dáse conta aos concelleiros e concelleiras das Resolucións da Alcaldía-Presidencia ditadas, dos números **21.2017** de 23 de xaneiro ao **66.2017** de 20 de febreiro, ambos os dous incluídos, os seguintes:

Nº de Expediente	Asunto	Nº Decreto	Fecha Firma
2017/G003/0000 27	CONVOCATORIA PLENO ORDINARIO 26/01/2016	21/2017	23/01/2017
2017/G003/0000 28	ADMISIÓN A TRÁMITE E DESESTIMACIÓN DO RECURSO DE REPOSICIÓN INTERPOSTO POR SERVICIOS DEPORTIVOS GALICIA SL NO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN "MONITORAXE DE ACTIVIDADES CULTURAIS DO CONCELLO DE PONTEDEUME 2016-2020" (Expediente 2016/C004/000002)	22/2017	23/01/2017
2017/G003/0000 29	RECTIFICACIÓN DE ERRO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN "MONITORAXE DE ACTIVIDADES CULTURAIS 2016-2020" RECTIFICATIVO DA RESOLUCIÓN 818.2016 de 22.11.2016	23/2017	23/01/2017
2017/G003/0000 32	CONVOCATORIA XUNTA DE GOBERNO LOCAL ORDINARIA DE 25/01/2017	24/2017	24/01/2017
2017/G003/0000 24	DESESTIMATORIO ALEGACIÓNS SANCIÓNS TRÁFICO (ANEIROS***)	25/2017	25/01/2017
2017/G003/0000 25	INICIO PROCEDIMENTO DE ADXUDICACIÓN EXPEDIENTE CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE	26/2017	25/01/2017



	CONTROL DE CALIDADE DA OBRA REHABILITACIÓN E AMPLIACIÓN DO MERCADO MUNICIPAL DE PONTEDEUME. EXPTE 2017/C004/000001		
2017/G003/000030	SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN PARA A DOTACIÓN DE NOVIDADES EDITORIAIS EN GALEGO EN FORMATO FÍSICO PARA BIBLIOTECAS PÚBLICAS MUNICIPAIS PARA O ANO 2017	27/2017	25/01/2017
2017/G003/000023	REINCORPORACION DA TRABALLADORA DONA ESTHER LEIRA PENABAD	28/2017	25/01/2017
2017/G003/000036	DECRETO DE APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SERVIZO CONTROL DE CALIDADE PARA A OBRA "REHABILITACIÓN E AMPLIACIÓN DO MERCADO MUNICIPAL DE PONTEDEUME"	29/2017	26/01/2017
2017/G003/000037	INCIDENCIAS NÓMINA MES XANEIRO 2017.	30/2017	27/01/2017
2017/G003/000035	PAGO A XUSTIFICAR TAXAS ITV VEHÍCULO 4010-CXZ	31/2017	27/01/2017
2017/G003/000039	RESOLUCIÓN NÓMINA MES XANEIRO 2017.	32/2017	27/01/2017
2017/G003/000026	ADXUDICACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DA OBRA PARQUE INFANTIL E BIOSALUDABLE (PAS 2015)-EXPEDIENTE 2016/C003/0000002	33/2017	30/01/2017
2017/G003/000033	SOLICITUDE AXUDA AO ABEIRO DA CONVOCATORIA DO PROGRAMA DE INTEGRACIÓN LABORAL DE OBRAS E SERVIZOS MÍNIMOS MUNICIPAIS DA DEPUTACION PROVINCIAL PARA A ANUALIDADE 2017.	34/2017	30/01/2017
2017/G003/000041	PAGO A XUSTIFICAR RENOVACIÓN APARTADO POSTAL DO CONCELLO DE PONTEDEUME. AP-147	35/2017	30/01/2017
2017/G003/000034	SOLICITUDE AXUDA AO ABEIRO DA CONVOCATORIA DO PROGRAMA PARA A CREACIÓN MANTEMENTO E REFORZO DO SERVIZO DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL. ANUALIDADE 2017.	36/2017	31/01/2017
2017/G003/000042	LIQUIDACIÓNS DON JOSÉ ANTONIO GARCÍA LÓPEZ E DONA PEREGRINA PIÑEIRO RODEIRO	37/2017	31/01/2017
2017/G003/000045	SOLICITUDE DE TARXETA DE ESTACIONAMENTO PARA PERSOAS CON DISCAPACIDADE	38/2017	31/01/2017
2017/G003/000040	AXUDA DE EMERXENCIA SOCIAL DÉBEDA DE ALUGUEIRO (SIUSS 1510001001372)	39/2017	31/01/2017
2017/G003/000043	APROBACIÓN PADRÓN TAXA DE RECOLLIDA DE LIXO, EXERCIZO 2017	40/2017	31/01/2017

## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

2017/G003/0000 44	LIQUIDACIÓN DONA ALEJANDRA CUADRADO SAAVEDRA	41/2017	01/02/2017
2017/G003/0000 46	RECTIFICACIÓN DE ERROS MATERIAIS DO DECRETO 33/2017 DE ADXUDICACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DA OBRA PARQUE INFANTIL E BIOSALUDABLE (PAS 2015)- EXPTE 2016/C003/000002	43/2017	02/02/2017
2017/G003/0000 50	CLASIFICACIÓN DE OFERTAS E PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DA OBRA: GRADERÍO EN CAMPO DE FÚTBOL MUNICIPAL (POS 2016). EXPTE 2016/C003/000003	46/2017	02/02/2017
2017/G003/0000 49	CONTRATACIÓN DOS TRABALLOS DE COORDINACIÓN DE SEGURIDADE E SAÚDE DA OBRA PARQUE INFANTIL E BIOSALUDABLE (PAS 2015) Expte. 2016/C002/000016	47/2017	02/02/2017
2017/G003/0000 51	LISTA PROVISIONAL ADMITIDOS-EXCLUIDOS, SELECCION DE PERSOAL LABORAL PARA A CATEGORIA DE AUXILIAR NO FOGAR.	48/2017	02/02/2017
2017/G003/0000 55	PAGO A XUSTIFICAR TAXAS ITV VEHÍCULO C-9765-BP, SERVIZO RECOLLIDA DE LIXO.	49/2017	06/02/2017
2017/G003/0000 57	APROBACIÓN CONVENIO DE COLABORACIÓN CA AGRUPACIÓN MUNICIPAL DE VOLUNTARIOS DE PROTECCIÓN CIVIL DE PONTEDEUME, ANO 2017	50/2017	06/02/2017
2017/G003/0000 53	ABOAMENTO DIFERENZAS SALARIAIS DO TRABALLADOR JESÚS PABLO MIRÓN PLACER MOTIVADAS POR I.T.	51/2017	06/02/2017
2017/G003/0000 56	CONVOCATORIA XUNTA DE GOBERNO LOCAL ORDINARIA DE 08/02/2017	52/2017	07/02/2017
2017/G003/0000 68	Incoación expediente de reposición Lucia Penas y otro	53/2017	08/02/2017
2017/G003/0000 69	INCOACIÓN EXPEDIENTE REPOSICIÓN LEGALIDAD JOSE GONZALEZ ABELLA Y MARÍA LUISA LENCE DE LA FUENTE	54/2017	08/02/2017
2017/G003/0000 66	Aprobación Bases participación Entroido 2017. Martes de Entroido	55/2017	10/02/2017
2017/G003/0000 67	Aprobación Bases concurso de disfraces adultos Entroido 2017	56/2017	10/02/2017
2017/G003/0000 70	Bases Concurso de Disfraces Infantil Entroido 2017	57/2017	10/02/2017
2017/G003/0000 62	RELACIÓN DE ALTAS, BAIXAS E MODIFICACIONES NO PADRÓN MUNICIPAL DE HABITANTES DO CONCELLO NO MES DE XANEIRO DE	58/2017	16/02/2017



	2017		
2017/G003/0000 76	PADRONS AXUDA NO FOGAR, DEPENDENCIA E LIBRE CONCURRENCIA, DECEMBRO 2016	59/2017	17/02/2017
2017/G003/0000 74	Solicitud subvención para contratación de persoal nas oficinas de turismo nos meses de xuño a setembro.	60/2017	17/02/2017
2017/G003/0000 77	CONVOCATORIA SESIÓN EXTRAORDINARIA E URXENTE DA COMISIÓN INFORMATIVA PERMANENTE DE ESTUDO, CONSULTA E INFORME DE ASUNTOS XERAIS DO PLENO DE 20/02/2017.	61/2017	17/02/2017
2017/G003/0000 71	APROBACIÓN LIQUIDACIÓN D302695 DA TAXA POR PUBLICACIÓN ANUNCIO NO DOGA	62/2017	17/02/2017
2017/G003/0000 82	PAGO AO XULGADO DO SOCIAL Nº5 DE A CORUÑA. DEPOSITO ESPECIAL RECURSO E CANTIDADE OBXECTO DE CONDENA.	63/2017	20/02/2017
2017/G003/0000 81	Solicitud de subvención da Axencia de Turismo de Galicia. Colocación de sinais informativas. 2017.	64/2017	20/02/2017
2017/G003/0000 79	MELLORA DA EFICIENCIA ENERXÉTICA NO PAVILLÓN &#8220; A CASQUEIRA&#8221;. FONDO COMPENSACIÓN AMBIENTAL 2017.	65/2017	20/02/2017
2017/G003/0000 85	Mellora das infraestruturas, dotacións, instalacións e equipamentos nos concellos de Galicia. Adquisición de mobiliario e video actas para o salón de plenos.	66/2017	20/02/2017

Asinado dixitalmente, na data que figura á marxe polo Sr. Alcalde D. Bernardo Fernández Piñeiro.”

Os membros presentes TOMAN RAZÓN.

## 9.- ACTIVIDADE DE CONTROL DO PLENO: ROGOS E PREGUNTAS.

O portavoz do Grupo Municipal do PP plantexa os seguintes ROGOS:

**1.- Rogamos que retiren, o hagan las gestiones pertinentes para ello, de los tubos de fibrocemento que se encuentran en el atrio de la iglesia.**

**2.- Rogamos reparen varios puntos de luz fundidos en distintas localizaciones del Concello:**

**En O Cruceiro-Andrade frente a los números 4 y 35, en O Castro Nogueirosa, Ombre y Boebre, también en la Plaza Maestro Álvaro Vázquez Penedo esta última no sé si es la 3ª ó 4ª vez que se trae a pleno.**

Sobre a problemática da Praza, D. Bernardo Fernández Piñeiro indica que se puxo a farola.

## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

---

D. Andrés Pérez Pérez di que hai dúas máis estropeadas.

O Sr. Alcalde di que falará coa empresa.

**3.- Rogamos que se elimine la hierba en el muro de Porto.**

**4.- Rogamos que limpien la maleza en la finca municipal que se encuentra al lado del Centro médico y que gestionen la limpieza de la finca entre la carretera N-651 y el edificio de PROGASA.**

O Sr. Presidente indica que na finca propiedade do Concello xa se ten cortado todo. No relativo á outra finca, xa se ten enviado requirimento ás persoas propietarias para a súa limpeza.

**5.- Rogamos limpien los accesos a la estación del tren hay árboles en la zona de la fuente pública también.**

**6.- Rogamos agilicen la reparación del túnel de la autopista en Villar, sigue sin señalizar.**

**D. Bernardo Fernández Piñeiro di que non saben o que pasa, cal é a orixe do problema.**

**7.- Rogamos que poden los magnolios de la Plaza de San Roque y también los arboles del Jardín de Lombardero, que están avanzando sobre la calzada y dificultan ya el paso de autobuses y camiones con el consiguiente peligro .**

**8.- Rogamos que pinten de amarillo unos metros mas abajo la linea de prohibido estacionar en la Calle Galera ya que dificulta el giro de los autobuses escolares, dicho por los conductores.**

O Sr. Alcalde indica que xa se vai facer.

**9.- Rogamos que revisen y reparen el estado de la Plaza Del Conde, hay piedras movidas.**

Dende a Presidencia indicase que se está a traballar niso.

**10.- Recientemente le solicitamos de viva voz el cambio de plenos a la tarde que facilitaría la asistencia tanto de público como de concejales, rogamos se digne a contestarnos.**

D. José Simoes Couceiro contesta que non.

**11.- Rogamos que limpien los registros de pluviales y las tajeas que estén obturados.**

**12.-Rogamos que pongan en funcionamiento la depuradora de Ombre.**

D. Bernardo Fernández Piñeiro di que a día de hoxe, na Depuradora, non hai nin contador; que están buscando o boletín, e que non se pode ceder a Viaqua porque non hai abastecemento



eléctrico. Indica tamén que o Alcalde anterior pediu a chave a Viaqua e que lle foi entregada. Informa tamén do estado da contorna no momento no que se intentou acceder á infraestrutura (cuberto de silvas...) e posto que non había chave tiveron que acceder pola forza e detectaron que non había contador e que os cables estaban ao aire, se ben non estaba forzada. Di que tiña que ser cedida a Viaqua no seu día, e non se fixo.

Dña. Ascensión de Vicente Olarte di que se consultará o que di o Alcalde.

### **13.- Rogamos que revisen los ruegos de anteriores plenos ya que la mayoría están sin solucionar.**

E as seguintes **PREGUNTAS**:

**1.- Una vecina nos traslada su problema con este concello se trata de un caso muy delicado que debería de ser atendido con la mayor diligencia; denuncia que después de varias citas con Servicios sociales, con la concejala responsable, cartas al Alcalde desde julio del 2016, no ha obtenido respuesta; por lo que se pone en riesgo la situación económica familiar. La familia depende de ese informe municipal para percibir al correspondiente ayuda para estos casos ¿Por qué no recibe ninguna contestación?**

Dña. Raquel Caruncho Corral di amosarse sorprendida coa pregunta e que sabe perfectamente de que caso se está a falar, se ben entende que este tipo de preguntas non se deben facer no Pleno e que, se realmente están preocupados, deberían de interesarse no departamento municipal correspondente. Considera que se trata dunha situación moi delicada e que está disposta a reunirse coa persoa e co grupo municipal do PP.

Dña. Ascensión de Vicente Olarte di que teñen autorización da persoa para facer a pregunta no Pleno. Acepta a proposta da concelleira a manter unha reunión coa interesada.

**2.- En el campo de fútbol de A Gándara se realizó una mejora en la iluminación de las torretas que alumbran al campo de juego, ¿De qué se trató la mejora? ¿Qué modelo de proyectores y que potencia tienen ahora? ¿Qué empresa ejecutó la obra?**

Contesta o Sr. Alcalde-Presidente. D. Bernardo Fernández Piñeiro informa o seguinte: que hai dúas empresas que traballan con este tipo de subministración. Que una delas estaba a buscar un campo, cunhas características determinadas (zona concorrida, con equipos en todas as categorías...) para a realización dunha experiencia piloto para probar os sistemas de iluminación, e que se decantou por Pontedeume. Os requisitos que puxo a empresa ao Concello foi que este poñía a instalación e os gastos de iluminación, así como que non se dera publicidade; a empresa cedía os focos. Por tanto, os gastos que tivo que asumir o concello foi a instalación, que realizou a empresa que habitualmente traballa co concello e que se fixo de xeito desinteresado por parte desta, xa que o copropietario foi xogador.

Dito isto, o Sr. Fernández Piñeiro informa que se ten solventado coa actuación anterior un problema que cualifica como herdado do goberno anterior, xa que existía un contrato de 13 watos, fronte a un consumo de 48 mil, provocando que durante meses estivera "saltando" a luz constantemente, deixando en evidencia que o contador estaba trapeado, o que se detectou cando a empresa instalou o contador dixital; que o que se tivo que ter feito, e di non entender como non se buscou una solución, era o cambio de transformador, e non se fixo, polo que o problema segue a existir, xa que as bombas de rego consumen 22mil watos e que, como solución a isto último se está a mirar que a bomba funcione por fases ou instalar dúas bombas; que solventado o problema da iluminación, agora teñen o problema coas bombas.

**3.- ¿En el Mercado Municipal como está el asunto de la reparación del tejado?**

D. Bernardo Fernández Piñeiro informa que se ten encargado un modificado a "Estudio Técnico" para saber o custo e, unha vez que se saiba, reclamar á empresa. Di que esta indicou concorrencia de culpas (subministrador, certificación do informe de calidade...), que hai que agardar a que chegue a valoración, se ben se está a estudar que a obra a faga Acciona, a empresa que vai executar a rehabilitación e ampliación do mercado.

Dña. Ascensión de Vicente Olarte pregunta se se pode comezar a obra sen ter esixida a responsabilidade á empresa que executou a reparación da cuberta.

O Sr. Fernández Piñeiro contesta que sí, motivadamente, en defensa do interese público.



## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Informa tamén que xa está feita a excavación e que non se está a traballar porque están a realizar o informe, que logo se remitirá a patrimonio, se ben non se agarda problema algún cos restos que se atoparon na cata, xa que non teñen valor arqueolóxico relevante. O seguinte, sería a realización do control de grietas e poder comezar a obra.

#### **4.- En los contenedores de aceite, que el concello colocó en diversos puntos, ¿cuánto dura el acuerdo de la cesión?**

O Sr. Alcalde-Presidente di que se asinou un acordo por un ano, prorrogable automáticamente salvo que se tivera denunciado por alguna das partes. Indica que se van instalar novos contedores.

#### **5.- ¿Cuántas personas hay en la lista de espera en axuda no fogar?**

Dna. Raquel Caruncho Corral indica que hai 10 persoas.

#### **6.- Visto que todas las ayudas de las AA.VV y otras tienen reparo suspensivo, ¿qué va a hacer con tal desastre?**

D. Bernardo Fernández Piñeiro di que lle gustaría saber de onde quitan esa información e que as que se teñen aprobado en Xuntas de Goberno foron con informes favorables.

Dna. Ascensión de Vicente Olarte di que a información está na documentación vista, se ben se repararán.

O concelleiro do PP, D. Andrés Pérez Pérez pregunta polos accesos dos/as membros da Corporación a SIGM, contestandoselle que se está a buscar o xeito adecuado para dar estes accesos.

#### **7.- Este mes no va ningún decreto con la orden de pago a las empresas y autónomos ¿Cuánto tiempo esperan para cobrar?**

D. Bernardo Fernández Piñeiro da a palabra á Sra. Interventora, quen indica que non se aprobou factura alguna porque que estea aprobado o orzamento non significa que se poda estar traballando contablemente sobre el. Que se están a volcar os datos entre o Concello e Deputación do 2016 ao 2017, mais mentres non haiba traspaso non se poderán pagar. Di que nesta situación están o 95% dos concellos da provincia. Dito, infórmase que este luns tense asinado un decreto para o pagamento de facturas contidas nun recoñecemento extraxudicial.

#### **8.- En cuanto al Feirón Medieval y ante la renuncia de la comisión organizadora. ¿Tiene previsto el concello buscar alguna medida al respecto? ¿Se hizo alguna gestión al respecto y si es así podrían decirnos cuál?**

Intervén Dna. Yolanda Vázquez Busto, a concelleira de Cultura, Comercio e Turismo di que dende o Concello farase todo o posible para a continuidade do evento; que se mantiveron unha serie de xuntanzas con distintas persoas, e que se está a estudar tamén o marco legal para a súa realización; que están previstas outras xuntanzas con persoas que organizan eventos deste tipo e para a próxima semana cun concello que organiza directamente. Anuncia que ao pasar o antroido reunirse con colectivos eumeses.

Dende o Grupo Municipal do PP, indican a súa disposición a colaborar.

#### **9.- En la prensa sale los resultados de los análisis que hablan de las playas entre ellas las de Pontedeume. ¿Nos pueden explicar la situación actual de las aguas de baño?**

D. Bernardo Fernández Piñeiro explica que as últimas analíticas da calidade da auga de baño son de verano, polo que a información á que se refire a concelleira do PP (de 20 de febreiro) débese a que, as augas de baño das praias que deran contaminación durante máis de cinco anos, como é o caso, danse de baixa no rexistro. Remítese á actuación no bombeo de Centroña como solución ao peche das augas de baño na Praia de Ver.



Dña. Ana Veira pregunta polo procedemento para a incorporación, de novo, da Praia ao rexistro.

O Sr. Alcalde di que cara este verán, o que se fará é revisar as bombas de cada pouco para mellorar o seu funcionamento. Indica que se ten comunicado á Xunta o que se está a facer para corrixir a problemática dos verquidos. Que ademais, o colector entrou en carga, o que supón que o hai que limpar.

#### **10.- ¿Por qué sigue paralizada la obra de la Alameda?**

O Sr. Presidente di que non está paralizada, que hoxe están a traballar e onte tamén estaban. Dito isto, informa que se lle ten dado un ultimátum á empresa, como data límite, o día 15 do mes que ven, se non, rescindirase o contrato; que falta a colocación dos bancos de pedra, dun pedazo de pedra dun muro e o bolardo automático.

#### **11.- ¿Con qué presupuesto se cuenta para estos carnavales 2017?**

Contesta Dña. Yolanda Vázquez Busto: que se orzamentario 19500 euros máis 6500 en premios; que o que se gastado son 18024 e 6150 respectivamente. Indica que se ten aforrado respecto doutros anos (actuacións, infraestruturas, sonido...)

#### **12.- ¿Tienen solventado lo de la plaza de tesorero para el concello? ¿Qué situación tienen actualmente con este tema?**

D. José Simoes Couceiro, concelleiro delegado de Persoal e Réxime Interior di que, burocráticamente se está á espera.

D. Bernardo Fernández Piñeiro di que no Parlamento se aprobou unha moción para que o estado clarifique o asunto e que hai unha proposición para que se derroque a lei. Infórma tamén que hai unha circular do Ministerio aclarando o asunto.

De seguido, prodúcese un intercambio de opinións entre a distribución do persoal municipal e os distintos departamentos.

#### **13.- ¿Tienen los permisos para la marquesina de Boebre?**

O Sr. Alcalde contesta que aínda non, que tan pronto cheguen, instalaranse.

Concluídas as preguntas do Grupo Municipal do Partido Popular, a portavoz do Grupo Municipal do BNG-AA, plantexa os seguintes **ROGOS**:

#### **1.-APARCADOIROS**

Hai aparcadoiros para minusválidos sen repoñer, nen pintado nen sinais verticais.

#### **Pregamos a súa pronta restitución.**

D. Bernardo Fernández Piñeiro di que xa se trasladou a Gas Natural a necesidade de realizar as ditas actuacións e que, ou actúan ou se lles incautará o aval.

#### **2.-FOMENTO DO TURISMO**

Cada verán ,as caravanas confróntanse coa falta de un espazo oficial para poder aparcar, pasar a noite e facer aprovisionamentos na localidade. Isto sería beneficioso para a economía local de Pontedeume onde a hostalaría e o turismo son fonte importante na economía local.

**Solicitamos un espazo para autocaravanas no concello cos servizos básicos de luz e auga..**

#### **3.-MERCADO MUNICIPAL**

A situación da construción do mercado é crucial para esta vila e agora co cambio de toda a cuberta aínda máis.

**Rogamos ao goberno municipal xestións que promovan accións que aceleren este proceso.**

## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Este rogo dase por contestado na explicación dada ao PP sobre o asunto.

### **4.-BOLSA DE TRABAJO**

Na actualidade non contamos con persoa encargada do servizo de normalización lingüística. Pregamos a constitución dunha bolsa de emprego público temporal para poder contar cuunha/cun profesional neste servizo:

### **5.-PÁXINA WB OFICIAL DO CONCELLO**

É preocupante a desidia que este goberno municipal amosou neste tema no que non se escoitaron as diversas reclamacións dos diferentes grupos políticos.

Xa levamos case dous anos e seguimos tendo unha páxina oficial onde, entre outras referencia aínda aos compoñentes dos grupos políticos da anterior lexislatura.

Non cremos que non sexa posible, alo menos, actualizar datos . A empresa cobra polo tempo no que lle dura o contrato.

**Solicitamos se atenda aos rogos presentados sobre este tema e se actualicen estes datos \_**

Dna. Ana Veira di que accedeu á web municipal para mirar o regulamento de axudas escolares, tras a celebración da reunión da comisión informativa e despois de que se lles dixera que teñen que mirar para ver o que se publica. Pide que se lles informe do que se colga na web. Indica que dous anos despois da entrada do PSOE no goberno local, a páxina segue sen actualizar, en relación aos datos da corporación, suxerindo que é mellor que non apareza ninguén.

D. Bernardo Fernández Piñeiro di que se vai contratar proximamente o deseño e xestión dunha nova páxina web.

### **6.- LIMPEZA DA FONTE DO INICIO DO PASEO**

A fonte ten no espazo no que debería ter auga gran acopio de basura.

**Pregamos a súa limpeza.**

O Sr. Alcalde di que se limpa unha vez á semana, ou mércores ou xoves.

### **7.-SINALIZACIÓN TURÍSTICA**

A sinalización que hai na fronte do torreón está nun estado lamentable.

**Rogamos a instalación dunha nova.**

### **8.- PANEIS CADUCADOS**

Hai paneis informativos de obras que xa foron rematadas e non precisan continuar instalados.

**Solicitamos a retirada destes.**

### **9.- REFUGALLOS NAS INMEDIACIÓNS DO PASEO FLUVIAL.**

Nuns terreos próximos á piscina municipal e polo tanto ao paseo fluvial amoréanse refugallos e materiais diversos .

Este lugar ten libre acceso para transeúntes, que poden ser nenos/as, ademais de ser un escaparate moi bochornoso.



## **10.-RENOVACIÓN DA REDE DE AUGAS ATA O PORTIÑO**

Houbo un anuncio en prensa de que o pasado día 6 (luns) se iniciaría esta obra.

Chegou o luns anunciado e non houbo actividade, nen a hai.

**Rogamos a reactivación desta obra e a posta en marcha dunha xestión máis eficaz que evite os paróns nas obras iniciadas.**

D. Bernardo Fernández Piñeiro indica que houbo que modificar o proxecto para que inclúa as acometidas ás vivendas e que van empezar entre mañá e a semana que ven.

E as seguintes **PREGUNTAS**:

### **1.-RECOLLIDA SELECTIVA**

Somos todos/as coñecedores de que no que atinxe á recollida selectiva debemos facer campañas de sensibilización e información coa poboación cada certo tempo.

**Pensan facer algunha neste proximamente?**

**Están repostos os cartaces informativos da recollida de lixo e enseres como xa se solicitou noutros plenos?**

O Sr. Alcalde di que xa se fixo unha campaña dirixida ao estudantado de primaria e se impartiron unhas charlas aos nenos e nenas de dez anos.

Dna. Ana Veira pregunta se non se podería estender a campaña a secundaria.

O Sr. Bernardo Fernández Piñeiro contesta que se estudará e pide que se indiquen os puntos onde quedaron sen colocar os cartais informativos.

### **2.-PEPRI**

Continuamos sen saber, dun xeito aclaratorio, a situación deste Plan.

**Cal é a situación actual?**

**Houbo algún avance ou reunión cos organismos competentes?**

O Sr. Alcalde da conta da situación: primeiramente, deficiencias na contratación, que se ten pagado unha parte sen que a empresa entregara o traballo, indica incumprimentos constantes e que, se se contrata de novo pérdese o 50% e a subvención da Xunta, ademais que o traballo realizado por esta empresa non valería pola outra e que ademais, hai un problema de tempo xa que o PXOM nunha das súas ordenanzas, impide a rehabilitación integral de edificacións no casco, así como os usos e actividades, mentres o PEPRI non estea en vigor.

Considera que a opción é negociar coa empresa e que remate o traballo, se ben a empresa pide 7000 euros máis. Di que haberá que sentarse e tomar unha decisión entre os tres grupos. Dende o PP píden ao Alcalde que fale co concelleiro de urbanismo do goberno anterior. Dna. Ascensión de Vicente Olarte ofrécese a recabar información ao respecto.

### **3.-VELUTINA**

Segundo se nos informou por parte deste GM este concello conta con certos utensilios para loitar contra esta praga.

**Pensan facer alguna actividade formativa para cidadáns?**

**Están xa erradicados os niños existentes que estaban a agardar polo frío?**

D. José Simoes Couceiro indica que xa se fixo unha charla e que non foi ninguén. Que sobre a retirada de niños, que están desbordados: que se eliminaron 96, 1 neutralizado e que hai 19 nos que é imposible actuar. Que hai pendentes 49 actuacións.

Xa se fixo, non foi ninguén. Estn desbordados. 96 eliminados. 19 impoibles de actuar. 1 neutralizado...137 actuacións. Pendentes: 49.

D. Bernardo Fernández Piñeiro indica que no edificio do Firrete hai un grandísimo e que se ten dado traslado aos bombeiros das Pontes, que quedaron de vir tan pronto como puideran. Indica que a información ao respecto poden pedirilla ao presidente da Agrupación de Voluntarios de Protección Civil.

### **4.- CUMPRIMENTO DAS MOCIÓNS APROBADAS**

Con respecto á moción da memoria Histórica aprobada xa hai varios plenos, nas que se contemplaban actuación por parte deste goberno municipal.

**Teñen xa pensada algunha actuación?**

**Realizarase en que prazo?**

## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

O Sr. Alcalde indica que neste 2017 instalárase unha placa conmemorativa no muro de Porto.

### **5.-O HOTEL EUMESA**

**Cal é a situación deste negocio hoteleiro?**

**Cal é a concesión de costas?**

D. Bernardo Fernández Piñeiro di que se trata dunha concesión de Portos de Galicia e que, de non estar caducada estará próxima a caducar. Que de momento segue a funcionar o hotel e que os propietarios fixeron xestións. Que se está á espera do que vai facer Portos, tendo en conta que as concesións están asociadas a usos portuarios, marisqueiro....

Dito isto, informa que dende Medio Ambiente se mandou cortar as árbores de detrás da gasoleira, como medida contra o lume.

### **6.-MARQUESIÑAS**

As marquesiñas instaladas recentemente son metálicas. Cando o PSOE no seu programa de promesas cara a catro anos falaba de "ornato e coidado estético" nun lugar coma é esta vila. Hai lugares nos que son de madeira,cerca de Leite Celta....

**Porque están a instalarse destes materiais?**

O Sr. Alcalde remítese á subxectividade da estética, e aduce o elevado custo das marquesinas de madeira.

### **7.-SUBSCRICIÓN Á PRENSA EN GALEGO.**

Logo de facer a petición para que houbera subscrición á prensa en galego, no ano 2016 fíxose para a biblioteca municipal coa promesa de ampliación.

**Este ano van ampliar os puntos de subscrición a estas publicacións, contando co centro de maiores ou outros puntos da administración local?**

Dna. Yolanda Vazquez Busto informa que a subscrición que se fixo foi con Sermos Galiza, se ben logo de que se teñan feito algunhas modificacións en subscricións, estudáranse outras opcións a maiores co crédito dispoñible.

### **8.-ACCIÓN 75 DO PLANB**

Ante a nosa demanda para cumprimento do programa electoral do PSOE tivemos por resposta que era para catro anos.

Nós somos sabedores disto así como que hai accións que deben comezar a facerse Xa para poder cumprilas ( teñen prazos,hai que facer proxectos...)

A acción 75 falaba de: IMPULSAR A CONSTRUCCIÓN DE VIVENDAS DE PROTECCIÓN OFICIAL

**En que situación está este pulo?**

**Hai xa algún plan, proxecto, proposta.....?**

D. Bernardo Fernández Piñeiro di que se buscaron posibles emprazamentos e que por agora non tiveron unha resposta. Dase conta da existencia dun solar en Ricardo Sánchez, no que todos os pisos serían para o concello e os baixos para a familia propietaria; pensouse no edificio do esqueleto da estación, se ben habería que demoler a metade...; di que sen axuda económica da Xunta non se vai poder realizar esta acción.

### **9.-COIDADO DA RIQUEZA NATURAL**

Nesta vila xa vivimos a desaparición de árbores senlleiras .

Xa en plenos pasados, xuño de 2016, este GM denunciou a situación da araucaria da finca dos Tenreiro catalogada segundo decreto 67/2007 da Xunta de Galicia (DOG nº74 do 17 de abril).

**Cal é a situación actual desta árbores?**

**Que actuacións se levaron a cabo dende a nosa denuncia de hai máis de medio ano?**

Dende a Presidencia indícase que está secando, que se informou aos propietario da finca, que se deu traslado á entidade oportuna e que se dixo que non se podía atender...



Dna. Ascensión de Vicente Olarte apunta a que a familia propietaria da finca está a actuar para a preservación da árbore.

Dna. Ana Veira pregunta se a Xunta non ten ningún organismo competente nesta materia.

### **REMATE DA SESIÓN**

Non habendo máis asuntos que tratar, o Presidente levanta a sesión, sendo as dezaseis horas e sete minutos do expresado día. Autorízase o presente borrador da acta coas sinaturas dixitais do alcalde e da secretaria, que dá fe.